

Para obter información actualizada acerca das prácticas de procesamento de datos de Microsoft, revisa a [Declaración de privacidade de Microsoft](#). Aquí tamén podes obter información acerca das últimas ferramentas para controlar os teus datos e acceder a eles, así como do xeito para contactar connosco se tes unha consulta de privacidade.

Declaración de privacidade de Windows® Phone 8.1

Última actualización: **Abril de 2016**

Microsoft comprométese a protexer a súa privacidade ao tempo que fornece dispositivos e servizos que lle ofrecen a experiencia personalizada, o desempeño, a potencia e a comodidade que desexa. Nesta declaración de privacidade descríbese a recompilación de datos e as prácticas de uso dos servizos e software de Windows® Phone 8.1 ("Windows Phone"). As anteriores versións do sistema operativo de Windows Phone (por exemplo, Windows Phone 8 e Windows Phone 7) réxense por declaracións de privacidade independentes. Prema en [aquí](#) para revisar a declaración de privacidade de Windows Phone 8 ou en [aquí](#) para revisar a declaración de privacidade de Windows Phone 7.

Esta declaración non se aplica a outros sitios, produtos nin servizos de Microsoft en liña ou sen conexión. Tampouco se aplica á recompilación de datos nin ás prácticas de uso doutras entidades que forman parte da experiencia co seu teléfono, como o operador, o fabricante do teléfono, os provedores de aplicacións móbiles, as contas de empresa e os provedores de sitios web. Revise as políticas de privacidade de ditas entidades para obter información acerca das súas prácticas.

Para axudarlle a obter a información que máis lle interesa, as seguintes ligazóns levarano directamente á información acerca dunha funcionalidade ou tema específicos do teléfono.

[Recompilación e uso da súa información](#)

[Recompilación e uso de información estándar acerca do seu teléfono](#)

[Recompilación e uso das credenciais de servizo e do teléfono](#)

[Recompilación e uso da información de localización](#)

[Información que compartimos con outros](#)

Nenos

Mostra de publicidade

Como comunicarnos con vostede

Almacenamento e transferencia de información

Seguranza da súa información

Modificacións nesta declaración de privacidade

Para obter máis solicitudes de acceso ou información

Funcionalidades específicas:

Aplicacións para accesorios

Identificador de publicidade

Tarefas en segundo plano

Copia de seguranza

Calendario

Cortana

Correo electrónico + contas

Atopar o meu teléfono

Internet Explorer Mobile

Recoñecemento do teclado

Área infantil

Indicacións de localización

Mapas

Mensaxería

Conta de Microsoft

Notificacións e centro de actividades

Office Mobile

Centro Xente

Suxestión personalizada

Comentarios do teléfono

Fotos e cámara

Salas

Buscar

SharePoint Mobile

Voz

Sensor de almacenamento

Tenda

Configuración de sincronización

Tocar e enviar

[Actualizacións](#)

[Carteira](#)

[Sensor de Wi-Fi](#)

[Traballo](#)

[Xbox Live e Xbox Music](#)

Non todas as funcionalidades están dispoñibles en todos os teléfonos (por exemplo, algunhas funcionalidades non están dispoñibles en teléfonos con memoria limitada ou en teléfonos sen voz ou datos móbiles), en todos os operadores nin en todas as rexións.

Recompilación e uso da súa información

A medida que usa o seu Windows Phone e os servizos relacionados, recompilaremos algunha información súa co fin de activar as funcionalidades e os servizos ofrecidos no teléfono, levar a cabo as transaccións que solicitou ou autorizou e mostrar publicidade e contido personalizados segundo os seus intereses e preferencias. Tamén podemos analizar a información que recibimos co fin de mellorar as funcionalidades e os servizos ofrecidos no teléfono e noutros produtos e servizos de Microsoft, a menos que se especifiquen fins máis limitados na [Funcionalidades específicas](#) seguinte sección.

No caso das experiencias no teléfono baseadas na web, incluídas as que teñen lugar dentro de Windows Phone App Store ("Tenda") e da plataforma común de xogos, podemos recompilar información acerca da súa visita aos nosos sitios. Por exemplo, podemos capturar información acerca das páxinas e do contido que ve, así como das accións que realiza nos nosos sitios, como as buscas de contido ou aplicacións, a compra de aplicacións ou contido ou a transmisión en secuencia de contido. Esta información úsase para personalizar a súa experiencia e fornecer os servizos que solicita, así como para mellorar outros produtos e servizos de Microsoft.

Para ofrecerlle unha experiencia máis coherente e personalizada nas súas interaccións con Microsoft, así como para mellorar os nosos produtos e servizos, é posible que a información recompilada a través de funcionalidades e servizos de Microsoft no teléfono se combine con información obtida a través doutros produtos e servizos de Microsoft. É posible que tamén completemos a información que recompilamos acerca de vostede desde o seu teléfono con información obtida a partir de terceiros.

Recompilación e uso de información estándar acerca do seu teléfono

Cando o seu teléfono está activado e usa funcionalidades con internet, a información acerca do teléfono ("información estándar sobre o dispositivo") envíase a Microsoft ou aos sitios web que visita e os servizos en liña que usa. Microsoft usa información estándar sobre o dispositivo co fin de autenticar o seu teléfono, fornecer servizos con internet, axudar a solucionar problemas, mellorar os nosos produtos e servizos e axudar a manter actualizado o seu software, así como para análises. Se unha funcionalidade ou servizo determinado envía información a Microsoft, tamén se enviará información estándar sobre o dispositivo. Podemos compartir datos de activación cos nosos asociados, como fabricantes de teléfonos ou operadores de telefonía móbil. Estes datos non se usarán para contactar con vostede.

Normalmente, a información estándar sobre o dispositivo inclúe información como o seu enderezo IP, a versión do sistema operativo, a versión do explorador e a configuración rexional e de idioma. Nalgúns casos, é posible que tamén conteña unha parte da súa identidade internacional de subscritor móbil (IMSI), da identidade internacional de equipamento móbil (IMEI), ID únicos que xeramos para o seu teléfono, así como outros identificadores do teléfono que indican o fabricante do teléfono, o nome do teléfono, a versión e o operador de telefonía móbil. Para facilitar a facturación do operador de telefonía móbil e por motivos de seguranza, se configura unha conta de Microsoft desde o seu teléfono, é posible que Microsoft tamén precise recompilar información, como o IMSI completo e o número de teléfono asociado ao seu teléfono. Tamén podemos compartir información, incluída a información estándar sobre o dispositivo, con operadores de telefonía móbil con fins de proba e diagnóstico, por exemplo.

Recompilación e uso das credenciais de servizo e do teléfono

Para facilitar o acceso aos servizos, é posible que as credenciais de inicio de sesión de Microsoft e dos servizos de terceiros se almacenen no seu teléfono. Tamén podemos comprobar o nome do dominio do enderezo de correo electrónico que introduciu para determinar se ten contas asociadas en Office 365. Se asociou unha conta de Microsoft co seu teléfono, esas credenciais (un enderezo de correo electrónico e un contrasinal) gárdanse automaticamente no teléfono. Dese xeito, non terá que iniciar sesión cada vez que use funcionalidades como a Tenda e Xbox Live. Consulte a [Conta de Microsoft](#) seguinte sección.

De xeito similar, é posible que as credenciais de inicio de sesión de servizos de terceiros e as redes Wi-Fi tamén se garden no seu teléfono. En función do servizo, é posible que estas credenciais sexan un contrasinal real ou un token, que consiste nunha clave electrónica fornecida polo servizo do terceiro que actúa en lugar dun contrasinal para a autenticación. Nalgúns casos, é posible que os nomes de usuario e os contrasinais tamén se almacenen nos servidores de Microsoft se escolle facer unha copia de seguranza do seu contido ou sincronizar a súa configuración. Consulte [Copia de](#)

[segurança](#) e [Sincronizar a configuración](#) a seguir.

Recompilación e uso da información de localización

Nos teléfonos Windows Phone, os "servizos de localización" fan referencia ao software do teléfono e aos servizos en liña que usan datos de localización para axudar ás aplicacións ou funcionalidades do teléfono, así como aos sitios web que visita, a fornecerlle experiencias melloradas e personalizadas baseadas na localización do seu teléfono. A base de datos de posicionamento de localización de Microsoft é un servizo en liña que calcula a localización aproximada do teléfono para axudar a executar os servizos de localización no seu teléfono.

Se activa os servizos de localización, as aplicacións autorizadas, os sitios web e as funcionalidades de Windows Phone poderán acceder á localización do seu teléfono e usala. Se usa unha aplicación de terceiros, o uso que faga da localización do seu teléfono está suxeito ás prácticas de privacidade do terceiro. Antes de instalar unha aplicación, poderá ver se esta usa a localización na súa descrición.

Se permite que unha aplicación ou funcionalidade use a súa localización, Windows Phone pode informar á aplicación cando o seu teléfono se mova fóra ou dentro dos límites xeográficos definidos pola aplicación, denominados cercas xeográficas. Por exemplo, unha aplicación podería permitirlle configurar un aviso para comprar comida ao saír do traballo. Pode ver se o seu teléfono está a monitorar cercas xeográficas na configuración de localización.

A base de datos de posicionamento de localización de Microsoft contén información limitada acerca das torres de telefonía móbil e dos puntos de acceso Wi-Fi próximos que usamos para axudar a fornecer servizos de localización de xeito máis eficaz. Non inclúe información que identifica o usuario nin identifica de forma única o seu teléfono. Tampouco permite que Microsoft rastrexe o usuario nin o teléfono. É posible que as funcionalidades ou aplicacións individuais que escollo usar, así como os sitios web que visita (incluídos os ofrecidos por Microsoft), reteñan información de localización asociada á súa conta ou teléfono. Revise as políticas de privacidade dos sitios web, aplicacións e funcionalidades que permite que accedan á localización do teléfono para obter máis detalles acerca de como usan a información de localización que solicitan.

Para que Microsoft poida recompilar a información sobre os puntos de acceso Wi-Fi e as torres de telefonía móbil descrita a continuación, así como para que unha aplicación, funcionalidade ou sitio web poida acceder á localización do seu teléfono, debe permitir o acceso.

Base de datos de posicionamento de localización

Se permite que unha aplicación, funcionalidade ou sitio web acceda á localización do seu teléfono, cada vez que solicite información, é posible que a base de datos de posicionamento de localización de Microsoft recompila información acerca das torres de telefonía móbil e os puntos de acceso Wi-Fi, así como información dispoñible do sistema de posicionamento global (GPS). Dita información úsase para determinar a localización aproximada do seu teléfono e para actualizar e mellorar a base de datos para futuras solicitudes.

Por exemplo, se ten a Wi-Fi activada no teléfono e permite que unha aplicación ou sitio web acceda á localización do mesmo, é posible que a base de datos de posicionamento de localización de Microsoft recompila os enderezos do control de acceso multimedia (MAC) e a forza da sinal dos puntos de acceso Wi-Fi dispoñibles para o seu teléfono. De xeito similar, se ten conexión a unha rede móbil, é posible que se recompilen os identificadores e a forza da sinal das torres de telefonía móbil dispoñibles para o seu teléfono. Se o GPS está dispoñible, é posible que se recompila a latitude, a lonxitude, a altitude e a dirección do teléfono fornecidas polo GPS.

A base de datos de posicionamento de localización de Microsoft usa esta información para devolver á aplicación, funcionalidade ou sitio web unha localización aproximada do seu teléfono. A información de localización pode incluír a latitude, a lonxitude, a velocidade, a dirección e a altitude do seu teléfono no momento da solicitude. Non inclúe información identificable acerca das torres de telefonía móbil nin dos puntos de acceso Wi-Fi, como os enderezos MAC ou os identificadores de torres de telefonía móbil.

Podemos usar servizos ou bases de datos de posicionamento de localización de terceiros, como a base de datos de Nokia, para fornecer un posicionamento de localización mellorado no seu teléfono. Por exemplo, cando unha aplicación do seu teléfono solicita a localización, tamén podemos consultar a base de datos de posicionamento de localización dun asociado para permitir que o teléfono determine mellor a súa localización. Como acontece coa base de datos de posicionamento de localización de Microsoft, a base de datos do asociado recibirá información acerca das torres de telefonía móbil e dos puntos de acceso Wi-Fi próximos, así como dos datos do GPS, pero non recibirá ningunha información que identifique o usuario nin o teléfono de forma única.

Acceso á localización específica da aplicación

Para usar os servizos de localización, o conmutador de servizos de localización principal do teléfono debe permanecer **Activado**. Se o conmutador de servizos de localización principal se configura como **Desactivado**, Microsoft non recompilará información acerca das torres de telefonía móbil e puntos de acceso Wi-Fi próximos, e as aplicacións, funcionalidades e sitios web non poderán usar a localización do teléfono aínda que pretenda permitir dito uso na instancia específica. Para desactivar o acceso das aplicacións, funcionalidades e sitios web á localización do seu teléfono, vaia a **Configuración > Localización** e alterne o conmutador de **servizos de localización** a

Desactivado. Se máis tarde alterna o conmutador de servizos de localización principal a **Activado**, restaurarase a configuración de localización da aplicación (ver a continuación).

Ademais, para que o seu teléfono poida usar os servizos de localización, debe permitir o acceso dunha determinada aplicación, funcionalidade ou sitio web á localización do teléfono. Se activou dito acceso anteriormente, poderá desactivarlo posteriormente na configuración da aplicación. Por exemplo, para desactivar o acceso da aplicación do mapa á localización do seu teléfono, pode ir a **Configuración > Aplicacións > Mapas** e alterne o conmutador de **Usar a miña localización** a **Desactivado**. Nota: é posible que esta funcionalidade non se aplique a aplicacións de terceiros que instalou no teléfono. Nesas instancias, é posible que teña que desinstalar a aplicación ou desactivar o conmutador de servizos principal para desactivar o uso da localización por parte da aplicación.

Base de datos de puntos de acceso Wi-Fi

Microsoft tamén mantén un directorio de redes Wi-Fi dispoñibles publicamente para axudar aos usuarios de Windows Phone a atopar e usar puntos de conexión Wi-Fi populares. A base de datos de puntos de acceso Wi-Fi baséase en información recompilada mentres os teléfonos Windows Phone se conectan a puntos de conexión, así como na información que Microsoft obtén directamente a partir de operadores Wi-Fi públicos.

Pode axudar a mellorar esta funcionalidade mediante o envío de información limitada a Microsoft mentres usa o servizo Wi-Fi, incluídas as características do teléfono, como a marca, o modelo, o operador de telefonía móbil e outra información estándar sobre o dispositivo, así como os identificadores estándar das redes Wi-Fi que detecta o teléfono. Esta información axúdanos coas suposicións acerca de como se usan os puntos de conexión e cal pode ser o mellor para determinados tipos de dispositivos, pero non se usa para identificar o usuario nin o dispositivo especificamente. Pode activar esta funcionalidade mediante a escolla da configuración **Recomendado** ao configurar o seu teléfono ou, se escolle a configuración personalizada, activando a opción **Enviar información acerca das conexións Wi-Fi para axudar a descubrir Wi-Fi próximas**. Tamén pode modificar esta configuración en calquera momento en **Configuración > Sistema > Wi-Fi > Xestionar**.

Rexeitamento do punto de acceso Wi-Fi persoal

Se ten un punto de acceso Wi-Fi ou un router e quere excluílo da base de datos de posicionamento de localización de Microsoft ou da base de datos de puntos de acceso Wi-Fi, pode enviar o enderezo MAC á lista de bloqueos de Microsoft en go.microsoft.com/fwlink/?LinkID=223681. Excluiremos das bases de datos estes enderezos MAC e os datos relacionados. Tampouco pasaremos os enderezos MAC que se envíen a través deste proceso de consultas aos asociados da base de datos de

posicionamento de localización ao usar ditos asociados.

Compartir a súa localización na activación

Pode axudar a Microsoft a obter máis información acerca de onde están a configurar os usuarios os seus teléfonos Windows Phone co fin de mellorar os nosos produtos e servizos mediante o envío da súa localización ao activar o seu teléfono. Se escolle participar, enviaranse a Microsoft as coordenadas GPS do seu teléfono e un identificador do dispositivo trala finalización do proceso de configuración. Se o seu teléfono non se pode conectar ao GPS, usaremos os servizos de localización de Microsoft para aproximar a súa localización. Estes servizos usarán datos celulares, os cales poden xerar custos. A caixa de verificación que se lle presenta durante o proceso de configuración só enviará esta información no momento da activación, pero pode optar por desmarcar a caixa e non enviar dita información.

Información que compartimos con outros

Excepto nos casos descritos nesta declaración de privacidade, a súa información non se transferirá a terceiros (filiais e afiliados non controlados por Microsoft) sen o seu consentimento.

Ocasionalmente, contratamos outras empresas para fornecer servizos limitados no noso nome, como ao enviar e entregar compras e outros envíos, ao responder aos clientes preguntas acerca dos produtos ou servizos, ao procesar o rexistro de eventos ou ao executar análises estatísticas dos nosos servizos. Só proporcionamos a información que ditas empresas precisan para fornecer o servizo e teñen prohibido usar esa información con calquera outro fin.

Microsoft pode acceder a información acerca de vostede e revelala, incluído o contido das súas comunicacións, para: (a) cumprir coa lexislación ou responder a solicitudes ou procesos legais; (b) protexer os dereitos ou a propiedade de Microsoft ou dos nosos clientes, incluída a execución dos nosos acordos ou políticas que rexen o seu uso dos servizos; ou (c) actuar de boa fe cando considere que dito acceso ou revelación é necesario para protexer a seguranza persoal dos empregados e clientes de Microsoft, así como do público. Tamén podemos revelar a súa información como parte dunha transacción empresarial, como pode ser unha fusión ou unha venda de activos.

Nenos

Windows Phone non está pensado para que o usen nenos sen a autorización paterna. En función do país, podemos solicitar autorización paterna para crear unha conta de Microsoft para menores de 13 anos (ou máis, nalgunhas xurisdicións). Ao fornecer permiso para crear unha conta de Microsoft,

permitirá que o seu fillo use calquera servizo de Microsoft que dependa da conta. Moitos deses servizos requiren a recompilación de determinada información persoal e doutro tipo e permiten que o seu fillo se comunique con outros usuarios. Os pais poden modificar ou revogar a autorización mediante a configuración da conta do seu fillo desde a súa propia conta de Microsoft. Para obter máis información acerca das contas de Microsoft, consulte [Conta de Microsoft](#) a seguir.

Mostra de publicidade

É posible que algúns sitios web que visita e algunhas aplicacións que descarga da Tenda mostren anuncios coa plataforma publicitaria de Microsoft, incluídos os anuncios personalizados que cremos que lle poden interesar. Microsoft Advertising tamén pode usar empresas publicitarias de terceiros para mostrar anuncios en aplicacións que usan a nosa plataforma publicitaria. Ao facelo, podemos enviar un ID único a ditos terceiros coa solicitude do anuncio.

Pode optar por non participar na recepción de anuncios personalizados de Microsoft Advertising e interromper o envío dun ID único ás redes publicitarias de terceiros que usa Microsoft Advertising visitando a nosa [páxina de baixa voluntaria](#). Só ten que iniciar sesión coa conta de Microsoft asociada ao seu Windows Phone e que usa para acceder á Tenda, e seleccionar a opción **Anuncios personalizados use onde use a miña conta de Microsoft** para optar por non participar. Para obter máis información acerca de como Microsoft Advertising recompila e usa a información, consulte [Declaración de privacidade de Microsoft Advertising](#). Tras optar por non participar na publicidade personalizada, recibirá anuncios xenéricos en lugar de anuncios personalizados de Microsoft Advertising.

É posible que o sitios web que visita e as aplicacións que descarga da Tenda tamén usen plataformas publicitarias diferentes da plataforma de Microsoft Advertising. Nesas instancias, Microsoft non ten control sobre as actividades das outras redes publicitarias. Microsoft recomenda que revise as políticas de privacidade e as prácticas das aplicacións que mostran publicidade para obter máis detalles acerca da información que pasan ás redes publicitarias, incluídas as que non pertencen á plataforma de Microsoft Advertising, e aos controis de aplicación adicionais relacionados coa mostra de publicidade. O seu teléfono pode fornecer un identificador único ás aplicacións para permitirilles fornecer anuncios máis relevantes. Para obter máis información, consulte a sección **Identificador de publicidade**.

Como comunicarnos con vostede

Ao iniciar sesión ou establecer unha conta de Microsoft, solicitarémoslle un enderezo de correo electrónico e permiso para enviarlle suxestións e información por correo electrónico. Podemos enviar determinadas comunicacións de servizo obrigatorias, como correos electrónicos de benvinda

(deseñados para axudarlle a comezar a usar o teléfono), avisos de facturación, información acerca de problemas do servizo técnico e anuncios de seguranza ao enderezo de correo electrónico que forneceu ao crear a súa conta de Microsoft, aínda que escollese non recibir información nin avisos continuos por correo electrónico. Tamén podemos enviar avisos de seguranza ou confirmacións de restablecemento do contrasinal ao número de teléfono asociado ao seu teléfono.

Se recibe correos electrónicos promocionais da nosa parte e quere deixar de recibilos no futuro, pode facelo seguindo as instrucións incluídas na propia mensaxe. Tamén pode xestionar directamente as preferencias de comunicación na páxina de Microsoft [Preferencias de comunicación](#).

Almacenamento e transferencia de información

A información recompilada por Microsoft ou que Windows Phone envía a Microsoft pode almacenarse e procesarse nos Estados Unidos ou en calquera outro país no que Microsoft ou os seus afiliados, filiais ou provedores de servizos dispoñan de instalacións. Microsoft cumpre co marco de porto seguro UE-EUA e co marco de porto seguro Suíza-EUA establecidos polo Departamento de Comercio dos Estados Unidos en relación coa recompilación, o uso e a retención de datos da Área Económica Europea e de Suíza. Se quere obter máis información acerca do programa Porto seguro e ver a certificación de Microsoft, visite www.export.gov/safeharbor/.

Seguranza da súa información

Microsoft comprométese a axudar a protexer a seguranza da súa información. Usamos diferentes procedementos e tecnoloxías de seguranza para axudarlle a protexer a súa información fronte a accesos, usos ou revelacións non autorizados. Por exemplo, almacenamos a información que vostede fornece en sistemas informáticos de acceso limitado e que se atopan en instalacións controladas.

Recomendámoslle que siga estes pasos para protexer a información no seu teléfono coa funcionalidade de contrasinal da pantalla de bloqueo. Esta funcionalidade permítelle requirir un contrasinal para acceder a maioría das aplicacións e información do seu teléfono cando está bloqueado. Para activar esta funcionalidade, vaia a **Configuración > Sistema > Pantalla de bloqueo** e alterne o contrasinal a **Activado**. Tamén pode configurar o período de inactividade antes de que a pantalla se apague e se bloquee. Ao configurar unha carteira no seu teléfono, pode optar por protexela cun "PIN de Carteira". Consulte [Carteira](#) para obter máis información.

Se crea unha conta empresarial que lle dá acceso a aplicacións ou ao correo electrónico empresarial, a empresa pode aplicar políticas no seu teléfono que requiran ou alteren a

funcionalidade de contrasinal da pantalla de bloqueo. Consulte [Correo electrónico + contas](#) para obter máis información. O seu administrador tamén pode aplicar a cifraxa do teléfono de BitLocker®. En caso de que perda ou lle rouben o teléfono e se o bloqueou cun contrasinal, a cifraxa de BitLocker dificulta que un atacante recupere información delicada do teléfono. Teña en conta que, aínda que se aplique BitLocker, os datos almacenados nos cartóns SD (cartóns extraíbles de memoria que inserta) non se cifran.

Modificacións nesta declaración de privacidade

Ocasionalmente, actualizaremos esta declaración de privacidade para reflectir as modificacións nos nosos produtos e servizos, así como para aclarar as nosas prácticas en función da experiencia e dos comentarios dos clientes. Cando realicemos modificacións nesta declaración, revisaremos a data de "última actualización" que aparece ao principio da mesma. No caso de modificacións substanciais nesta declaración ou no xeito no que Microsoft usa a súa información, notificaremoslle mediante a publicación dun aviso sobre estas antes de aplicarlas ou enviaremoslle directamente unha notificación. Recomendámoslle consultar periodicamente esta declaración de privacidade para estar informado do xeito no que Microsoft recompila, usa e protexe a súa información.

Para obter máis solicitudes de acceso ou información

Microsoft agradece os seus comentarios acerca desta declaración de privacidade. Se ten preguntas acerca desta declaración, cre que non a seguimos ou quere solicitar acceso á información que recompilamos acerca de vostede, pónase en contacto connosco mediante o noso [formulario web](#) ou use a información de contacto fornecida a continuación.

Microsoft Privacy Microsoft Corporation One Microsoft Way Redmond, Washington 98052 USA

Aplicacións para accesorios

Os accesorios son dispositivos que interactúan ou se sincronizan co seu teléfono. Algúns exemplos de dispositivos que poden ser accesorios son os reloxos intelixentes, as fundas intelixentes, as pulseiras de fitness e os espertadores.

Algúns accesorios teñen a capacidade de recibir notificacións do seu teléfono, as cales poden mostrar no dispositivo do accesorio. As notificacións poden incluír información como a seguinte:

- Notificacións de chamadas telefónicas, incluído o número de teléfono

- Mensaxes SMS, incluídos o remitente e o corpo da mensaxe de texto
- Avisos
- Alarmas
- Notificacións de aplicacións de terceiros
- Mensaxes de correo electrónico
- Metadatos de reprodución multimedia

As notificacións inclúen a alerta que produciu o evento, pero tamén os datos asociados con el, como o corpo da mensaxe de texto da SMS ou os detalles do aviso do calendario. Esta funcionalidade fornece un xeito de manter o seu teléfono no peto ou na carteira e, aínda así, recibir información sobre as notificacións do teléfono no accesorio complementario.

Os accesorios obteñen notificacións a través dunha aplicación para accesorio que se executa en segundo plano no seu teléfono. O xeito no que unha aplicación para accesorio usa os seus datos de notificación, como o contido das súas mensaxes de texto, está suxeito ás prácticas de privacidade de terceiros.

É posible que o fabricante do teléfono forneza unha aplicación para accesorio preinstalada para admitir as fundas intelixentes. Unha funda intelixente permítelle interactuar co seu teléfono mentres a funda está pechada e o teléfono bloqueado. Por exemplo, podería mostrarlle a hora ou as notificacións. Ter unha funda intelixente acoplada ao seu dispositivo permitirá que a aplicación para accesorio reciba notificacións do seu teléfono automaticamente. Pode modificar esta configuración en calquera momento.

Opcións:

Modificar se unha aplicación para accesorio recibirá as súas notificacións:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións para accesorios**.
2. Busque a aplicación para accesorio para a que quere activar ou desactivar as notificacións e alterne o conmutador a **Activado** ou **Desactivado**.

Identificador de publicidade

Para fornecer publicidade máis relevante, Windows Phone permite que as aplicacións accedan a un identificador único para cada propietario dun dispositivo. Pode restablecer ou desactivar o acceso a este identificador en calquera momento na sección ID de publicidade da configuración. Se desactiva

esta configuración, non se enviará ningunha información ás aplicacións que soliciten o seu identificador de publicidade. Se inicia sesión cunha conta infantil de Microsoft, desactívase o identificador de publicidade. Se permite que as aplicacións accedan ao identificador de publicidade, Windows Phone fornecerá a todas as aplicacións que o soliciten. As aplicacións poden almacenar ou transmitir esta información. Os programadores de aplicacións e as redes publicitarias usan o identificador de publicidade para fornecerlle publicidade máis relevante entendendo que aplicacións usa e como as usa. Os programadores de aplicacións tamén o poden usar para mellorar a calidade do servizo permitíndolles determinar a frecuencia e eficacia dos anuncios, así como detectar fraudes e problemas de seguraza. Se usa unha aplicación de terceiros, o uso que esta faga do identificador de publicidade está suxeito ás prácticas de privacidade do terceiro.

É posible que algúns sitios web que visita e algunhas aplicacións que descarga da Tenda mostren anuncios coa plataforma publicitaria de Microsoft, incluídos os anuncios personalizados que cremos que lle poden interesar. Para obter máis información acerca de Microsoft Advertising e as súas opcións, consulte a sección [Mostra de publicidade](#).

Opcións:

Se escolle a configuración rápida ao configurar Windows Phone, este permitirá que as aplicacións usen o seu identificador de publicidade. Tras configurar Windows Phone, pode modificar esta opción na sección ID de publicidade da configuración.

Para activar ou desactivar o ID de publicidade:

1. Vaia a Configuración > Sistema > ID de publicidade
2. Alterne o conmutador de **ID de publicidade** a **Activado** ou **Desactivado**.

Para restablecer o ID de publicidade:

1. Vaia a Configuración > Sistema > ID de publicidade
2. Toque o botón **Restablecer o seu ID de publicidade**.

Tarefas en segundo plano

Para fornecer un inicio máis rápido das aplicacións e a posibilidade de mudar entre elas, é posible que algunhas aplicacións continúen a executarse en segundo plano aínda que non estean abertas no seu teléfono. Por exemplo, unha aplicación pode actualizar periodicamente a súa localización ou descargar información da web para que estea dispoñible cando a inicie.

Na configuración, pode atopar unha lista das aplicacións que se executan en segundo plano no seu teléfono. Algunhas aplicacións fornecen a opción de activar ou desactivar a capacidade de

executarse en segundo plano, pero é posible que non poida desactivar esta capacidade para algunhas aplicacións. Nese caso, pode eliminar a aplicación do teléfono se non quere que se execute en segundo plano.

Opcións:

Para atopar todas as aplicacións do seu teléfono que se poden executar en segundo plano:

1. Vaia a **Configuración > Sistema > Aforro de batería > Uso**. As aplicacións marcadas **como permitidas** poden executarse en segundo plano.

Para escoller se unha aplicación pode executarse en segundo plano:

1. Vaia a **Configuración > Sistema > Aforro de batería > Uso**.
2. Toque na aplicación que quere impedir que se execute en segundo plano.
3. Configure a opción **Permitir que a aplicación se execute en segundo plano** a **Activado** ou **Desactivado**.

Copia de seguranza

Ao iniciar sesión cunha conta de Microsoft no seu teléfono, pode escoller gardar automaticamente determinados contidos e opcións de configuración nos servidores de Microsoft para ter unha copia de seguranza se cambia de teléfono ou se lle acontece algo. Preguntaráselle se quere crear unha copia de seguranza das súas cousas durante a configuración do teléfono. Con esta única selección, pode activar as cargas automáticas de fotos de resolución limitada en OneDrive a medida que as fai, así como a sincronización en curso das súas mensaxes SMS e MMS na súa conta de Outlook.com e a creación de copias de seguranza diarias do seu teléfono. As copias de seguranza diarias inclúen unha lista das aplicacións que instalou, os datos das aplicacións compatibles coa copia de seguranza e moitas das opcións de configuración do seu teléfono, como a cor do tema, os contrasinais que garda, os favoritos de Internet Explorer, as palabras que xa engadiu ao dicionario do teléfono, os seus tons de chamada e moito máis.

Trala configuración inicial do teléfono, tamén pode xestionar a configuración de copia de seguranza. Por exemplo, pode optar por cargar vídeos en OneDrive, ademais das súas fotos, ou escoller se se fai unha copia de seguranza dos datos da aplicación.

Se activa as copias de seguranza, o teléfono tentará gardar unha copia de seguranza da súa configuración unha vez ao día (normalmente durante a noite) mediante a conexión Wi-Fi. No entanto, se o seu teléfono non se conecta á Wi-Fi durante unha semana, tentará enviar unha copia

de seguraza mediante a conexión de datos móbiles suxeita á configuración do sensor de datos (que lle permite xestionar o uso de datos segundo o seu plan de datos). Para axudar a protexer a súa privacidade, todas as copias de seguraza envíanse cifradas a través de SSL.

Opcións:

Para activar a copia de seguraza durante a configuración do teléfono, seleccione Si cando se lle solicite se quere crear unha copia de seguraza das súas cousas.

Para modificar a configuración e as opcións de copia de seguraza en calquera momento:

1. Vaia a **Configuración > Sistema >Copia de seguraza**.
2. Toque en **Aplicacións + configuración**, Mensaxes de texto ou **Fotos + vídeo**, e siga as indicacións que aparecen na pantalla para ver as instrucións e as opcións.

Para eliminar as copias de seguraza máis recentes de Aplicacións + configuración (isto non afectará as mensaxes nin as fotos e vídeos, que se deben xestionar desde Hotmail ou Outlook e OneDrive, respectivamente):

1. Vaia a **Configuración > Sistema > Copia de seguraza > Aplicacións + configuración**.
2. Toque o botón **Xestionar copias de seguraza**.
3. Toque o botón **Eliminar**.

Consulte [Mensaxería](#) e [Fotos + cámara](#) para obter máis detalles acerca desas funcionalidades.

Teña en conta que se inicia sesión cunha conta de Microsoft, algunhas das opcións de configuración do teléfono e outra información, como os contrasinais, sincronizaranse por defecto cos servidores de Microsoft e cos seus outros dispositivos Windows. Para obter máis información acerca das opcións para sincronizar a configuración e a información, consulte a sección **Configuración de sincronización**.

Calendario

A aplicación Calendario axúdalle a manter o rastrexo dos seus compromisos, eventos e tarefas. Pode engadir, eliminar ou modificar os eventos do calendario directamente na aplicación Calendario. Se engadiu unha conta de terceiros en **Correo electrónico + contas** na configuración, a información do calendario de dita conta aparecerá na aplicación Calendario. Outras aplicacións do seu teléfono poden ler ou modificar o seu calendario, ou ben fornecer a súa propia información de calendario que se mostra na aplicación Calendario.

Se permite que Calendario use a localización do seu dispositivo, tamén mostrará a previsión

meteorolóxica diaria en caso de que estea dispoñible.

Opcións:

Para escoller se Calendario usa a súa localización:

1. Abra Calendario e escolla **Configuración** no menú situado na parte inferior.
2. Marque ou desmarque a caixa de verificación **Usar a miña localización**.

Cortana

Cortana é como unha asistente persoal no seu teléfono que lle facilita as cousas no seu día e no seu teléfono. Cortana pode rastrexar cousas que lle interesan, permítelle obter momentos de tranquilidade cando quere e axúdalle a facer cousas rapidamente no seu teléfono, como engadir algo ao seu calendario, facer unha chamada, tomar unha nota, configurar alarmas e moito máis. Tamén lle ofrece avisos personalizados, suxestións, resultados de busca, recomendacións de aplicacións e moito máis. Informe a Cortana se non quere recibir chamadas durante a seguinte hora a menos que sexa de alguén que vostede designe, e ninguén máis se comunicará con vostede. Use Cortana para ver se ten algo programado para o seguinte martes ás 16:00. Cortana pode axudarlle de moitos xeitos. Pode desactivar Cortana en calquera momento. Consulte as **opcións** a seguir.

Cortana funciona mellor se pode coñecer cousas sobre vostede e as súas actividades, para o que necesita información do seu teléfono, a súa conta persoal de Microsoft, servizos de terceiros e outros servizos e aplicacións de Microsoft. Cortana tamén fornece recomendacións de aplicacións personalizadas na Tenda. Para fornecer experiencias personalizadas, suxestións relevantes e mellorar Cortana e outros servizos, Microsoft recompila e usa varios tipos de información, como a localización do seu teléfono, a información do calendario, as aplicacións que usa, información específica procedente do seu correo electrónico e das súas mensaxes de texto, así como os seus contactos. Cortana tamén aprende cousas acerca de vostede recompilando información acerca do xeito no que usa o teléfono, como a música que reproduce no teléfono, a configuración da alarma, se ten activada a pantalla de bloqueo, o que ve ou compra na Tenda e moito máis. Microsoft usará a información recompilada a través de Cortana para personalizar e mellorar outros produtos e servizos de Microsoft.

Pode acceder a Cortana de tres xeitos:

- Prema o botón Buscar e Cortana saudarao. Pase o dedo cara arriba para ver os seus intereses ou toque no micrófono para falarlle.
- Toque o mosaico de Cortana na pantalla Inicio e será dirixido directamente aos intereses que Cortana lle ten preparados.

- Manteña premido o botón Buscar e Cortana activarase independentemente do que estea a facer no teléfono, aínda que este estea bloqueado. Pode modificar esta configuración en calquera momento.

servizos de localización

Cortana usa información de localización para fornecerlle os resultados máis relevantes se pregunta algo, así como para facer suxestións que lle axuden a aforrar tempo. Cortana pode aprender por que rutas viaxa con frecuencia e fornecer actualizacións do tráfico en ditas rutas para que poida saír a tempo para o seu seguinte compromiso. Se di a Cortana que lle recorde comprar leite na tenda de alimentación, Cortana comprobará a súa localización e recordarallo cando chegue á tenda. Tamén pode solicitar a Cortana que busque un restaurante próximo que acepte reservas. Para fornecer este servizo, Cortana recompila con regularidade a localización do seu teléfono e envíaa a Microsoft. Se anteriormente lle deu permiso a Microsoft para recompilar a súa localización noutros servizos de Microsoft, como o Rastrexador local ou Bing, Cortana tamén pode usar isto para fornecerlle boas suxestións. Cortana só pode funcionar se [Servizos de localización](#) están activados, polo que se os desactiva, Cortana tamén o fará. Para xestionar os lugares gardados que usa Cortana, consulte as súas **opcións** a seguir.

Mensaxes de texto e correo electrónico

Cortana pode detectar horas e datas nos correos electrónicos e mensaxes de texto para poder engadir eventos facilmente ao calendario. Por exemplo, se recibe unha mensaxe de texto que di "vamos quedar para cear o sábado ás 7 p.m.", pode tocar a ligazón subliñada para engadir un evento con ditos detalles no seu calendario. Esta detección só acontece no seu teléfono e non se envía información a Microsoft até engadir o evento do calendario.

Cortana tamén pode mantelo informado automaticamente acerca das cousas que lle parecen importantes. Por exemplo, cando recibe unha mensaxe que contén información sobre un voo ou o número de rastrexo dun paquete, Cortana iniciará automaticamente o rastrexo do voo ou do paquete e ofreceralle actualizacións acerca do voo ou do estado de entrega. Pode recibir alertas se se retrasa un voo ou cando recibe un paquete. Cortana detecta esta información nas mensaxes recibidas no seu teléfono. Pode desactivar a detección desta información na configuración.

Voz

Para que Cortana entenda mellor a súa forma de falar e os seus comandos de voz, esta envía datos

de voz a Microsoft para crear modelos de voz personalizados e mellorar o recoñecemento de voz para Cortana e para outros produtos e servizos de Microsoft. Os datos de voz envíanse a Microsoft, incluídas as gravacións de voz, así como os datos de desempeño asociados (como as modificacións que fai manualmente na mensaxe de texto e no resultado final da mensaxe de texto). Cortana tamén recompila e usa outra información, como os nomes dos seus contactos, a frecuencia coa que os chama, os títulos dos seus eventos do calendario e as palabras que engadiu ao dicionario.

Uso de Cortana co teléfono bloqueado

Ao manter premido o botón Buscar, Cortana activarase aínda que o teléfono estea bloqueado. Cortana pode completar algunhas tarefas no seu nome sen ter que introducir o seu contrasinal de pantalla de bloqueo. Por exemplo, sen desbloquear o teléfono, pode chamar a algún dos seus contactos, enviar mensaxes de texto, ver ou modificar o que hai no seu calendario ou configurar unha alarma. Para axudarlle a completar estas tarefas, Cortana pode mostrar algunha información persoal mentres o teléfono está bloqueado, como os seus eventos do calendario ou o nome dun contacto ao que solicitou chamar. Se non quere que Cortana responda aos comandos de voz mentres o teléfono estea bloqueado, pode modificar esta configuración en calquera momento. Consulte as **opcións** a seguir.

Aplicacións e servizos

Cortana usa os datos recompilados a través doutros servizos e aplicacións de Microsoft para fornecerlle suxestións personalizadas. Por exemplo, Cortana pode mostrarlle automaticamente información acerca dos equipos que segue na aplicación Bing Deportes. Tamén aprende os seus lugares favoritos a partir da aplicación Mapas de Bing, así como o que fai no Rastrexador local para poder ofrecerlle mellores suxestións. Outros servizos e aplicacións de Microsoft, como Bing ou as aplicacións de Bing, poden usar os intereses que ten no Caderno de notas para personalizar os intereses, preferencias e favoritos do seu perfil tamén nesas aplicacións. Se escolle iniciar sesión en Facebook na configuración de Cortana, permite que Cortana e Bing lle ofrezan recomendacións máis personalizadas, así como que Microsoft acceda a determinada información de Facebook. Para obter máis información, consulte a sección Personalización de Facebook da declaración de privacidade de Bing en [aquí](#).

Historial de exploración

Se escolle enviar o seu historial de exploración móbil a Microsoft en Internet Explorer (consulte a sección [Internet Explorer](#)), Cortana pode fornecer suxestións baseadas nos sitios que visita en

Internet Explorer. Cortana non recompilará información acerca dos sitios web que visita nos separadores InPrivate.

Historial de busca

As súas consultas de busca de Bing, aínda que Cortana faga a busca por vostede, trátanse como calquera outra consulta deste tipo e combínanse con outra información acerca de vostede para mellorar os seus resultados de busca de Bing, así como a relevancia dos anuncios personalizados. Pode optar por non participar nos anuncios personalizados de Microsoft en choice.microsoft.com. Para obter máis información, consulte a declaración de privacidade de Bing en go.microsoft.com/fwlink/?LinkID=298739.

Opcións:

Se Cortana está dispoñible no seu país ou rexión, pode escoller activalo ao configurar o seu teléfono ou en calquera outro momento. Para activar ou desactivar Cortana:

1. Vaia a **Configuración** > **Aplicacións** > **Cortana**.
2. Alterne o conmutador de **Cortana** a **Activado** ou **Desactivado**.

Cando Cortana está activado, pode ver e editar os intereses, avisos e outras configuración de suxestións de Cortana. Se elimina un interese do Caderno de notas de Cortana, este eliminarase, pero a información usada para xeralo permanecerá nos servidores de Microsoft. Para editar ou borrar a información que recompila Cortana, consulte a seguinte información.

1. Prema o botón **Buscar** para abrir Cortana.
2. Toque o botón **Menú** para abrir o Caderno de notas de Cortana.

Se escolle a opción **Configuración recomendada** a primeira vez que usa Internet Explorer, Cortana usará o seu historial de exploración. Para modificar esta configuración:

1. Vaia a **Configuración** > **Aplicacións** > **Internet Explorer**, a seguir, toque **Avanzadas**.
2. Marque ou desmarque a opción **Enviar o historial de exploración para mellorar e (se está dispoñible esta opción) personalizar os servizos**.

Pode desactivar a detección automática de información de rastrexo nos correos electrónicos (como a información sobre un voo) na configuración:

1. Vaia a **Configuración** > **Aplicacións** > **Cortana**.

2. Marque ou desmarque a opción **Detectar información de rastrexo, como a dos voos, nos correos electrónicos no seu teléfono.**

Pode escoller se Cortana responde aos comandos de voz mentres o teléfono está bloqueado:

1. Vaia a **Configuración > Sistema > Voz.**
2. Marque ou desmarque a opción **Permitir voz durante o bloqueo.**

Unha vez desactivado Cortana, pode xestionar a información que recompila e usa Cortana nos servidores de Microsoft. Pode xestionar información como os seus intereses, os lugares gardados, o historial de busca, os datos de voz e o historial de exploración de IE. Ademais, pode xestionar outra información recompilada por Cortana (como o seu calendario, os nomes dos seus contactos e a información acerca do uso que fai do teléfono). É posible que a información borrada non se elimine directamente dos nosos servidores, pero Cortana xa non a usará.

Para xestionar a información que Cortana envía a Microsoft:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Cortana.**
2. Alterne o conmutador de **Cortana** a Desactivado.
3. Toque **Reiniciar.**
4. Unha vez que o teléfono se reinicie, vaia a **Configuración > Aplicacións > Cortana.**
5. Toque **Xestionar datos da nube** para ver as opcións para editar ou borrar datos no seu perfil en liña.

Para borrar a información que Cortana almacena no seu teléfono:

Se aínda non desactivou Cortana:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Cortana.**
2. Alterne o conmutador de **Cortana** a Desactivado.
3. Toque **Reiniciar.**

Unha vez desactivado Cortana:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Cortana.**
2. Toque **Eliminar datos do teléfono.**

3. Toque **Eliminar**.

Cando Cortana está activado, pode controlar se usa información da súa conta de Facebook.

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Cortana**.
2. En Facebook, toque **Iniciar sesión en Facebook** ou **Pechar sesión**.

Teña en conta que se desactiva Cortana tras conectalo con Facebook, continuará a recibir personalizacións de Facebook noutras experiencias do seu teléfono. Para desconectar Facebook tras desactivar Cortana, consulte a sección [Suxestións personalizadas](#).

Para controlar outras opcións de configuración, como a eliminación dos termos de busca almacenados no seu teléfono por Cortana ou Bing:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Cortana**.
2. Toque **Configuración de busca**.

Correo electrónico + contas

Cando engade unha conta de correo electrónico ao seu teléfono ou cando conecta unha conta de medio social á súa conta de Microsoft asociada co seu teléfono, suxeito á configuración da conta, o teléfono pode recuperar automaticamente as mensaxes, os contactos, as fotos, as fontes e os documentos dispoñibles para axudar a manter actualizada a información destas contas no seu teléfono. Se configura unha conta de Outlook ou Exchange no seu teléfono, o seu administrador de rede poderá aplicar ao seu teléfono políticas que lles permiten requirir que use un contrasinal de pantalla de bloqueo ou desactivar o seu cartón SD. É posible que o administrador tamén poida borrar de forma remota todo o contido do seu teléfono (incluído o que non está relacionado coa empresa).

Ao compartir contido desde o seu teléfono en medios sociais, normalmente cárgase directamente nesa rede. No entanto, as fotos publicadas nalgúns medios sociais poden aloxarse en OneDrive. Neses casos, ao compartir fotos desde o seu teléfono, estas cárganse nun cartafol público en OneDrive e publícase unha ligazón ao contido no medio social. Isto significa que calquera persoa con acceso á ligazón ou calquera usuario da internet que atope o cartafol poderá acceder ao contido en OneDrive aínda que publicase a ligazón para un público privado. Ademais, calquera persoa con acceso ao cartafol público en OneDrive poderá acceder, non só á foto que publicou no medio social, senón tamén ao resto do contido do cartafol. Se elimina a foto do medio social, o contido permanecerá no cartafol público en OneDrive a menos que, de forma independente, vaia a OneDrive e o elimine.

Opcións:

Pode modificar a configuración da maioría de tipos de contas para actualizar o seu contido con menos frecuencia ou só cando escolla.

Para modificar a configuración da frecuencia de actualización ou do contido que sincroniza:

1. Vaia a **Configuración > Correo electrónico + contas**.
2. Toque na conta que quere modificar.
3. Na lista **Descargar novo contido**, escolla con que frecuencia quere recibir contido actualizado. Se só quere recibir contido cando o solicite, toque **Manualmente**.
4. Na lista **Contido para sincronizar** (cando corresponda), desmarque as caixas de verificación do contido que non quere sincronizar.

O contido das contas de Facebook actualízase sempre de xeito automático. Se non quere recibir actualizacións de Facebook fóra da propia aplicación, pode modificar esta opción na configuración da aplicación de Facebook.

Para eliminar unha conta:

1. Vaia a **Configuración > Correo electrónico + contas**.
2. Manteña premida a conta que quere eliminar.
3. Toque **Eliminar**.

Atopar o meu teléfono

A funcionalidade Atopar o meu teléfono permítelle asociar o seu teléfono a unha localización, facelo soar, bloquealo ou borrarlo desde [Páxina do meu Windows Phone](#). Solicitaráselle que introduza un número de teléfono, o cal podemos usar para enviarlle unha mensaxe SMS ao teléfono perdido ou facelo soar se así o solicita. Se anteriormente solicitou bloquear o teléfono, usaremos o enderezo de correo electrónico de contacto fornecido para a súa conta de Microsoft para proporcionarlle as instrucións para desbloquealo. Tamén recompilaremos periodicamente determinada información de diagnóstico acerca do seu teléfono, como o nivel de batería, as funcionalidades do teléfono (se está dispoñible o posicionamento de localización de GPS ou SMS etc.), así como se o teléfono ten un contrasinal de pantalla de bloqueo ou o bloqueo do cartón SIM activado, co fin de fornecer outras funcionalidades que lle permitan borrar ou bloquear de forma remota o dispositivo.

A funcionalidade Atopar o meu teléfono ofrece dous xeitos de determinar a localización do seu teléfono:

1. Se activou a funcionalidade para que a localización se garde cada poucas horas para unha mellor situación no mapa na configuración Atopar o meu teléfono, a localización do seu teléfono enviarase periodicamente á súa conta en liña en [Páxina do meu Windows Phone](#). Isto resulta moi útil se o teléfono perdido se desactiva ou cando a batería está completamente descargada. A funcionalidade Atopar o meu teléfono só almacena a última localización coñecida do seu teléfono. Cando se envía unha nova localización, esta substitúe á almacenada previamente.
2. Mesmo que non activase dita funcionalidade, aínda pode tentar atopar a localización actual do seu teléfono mediante o inicio de sesión da súa conta en liña en [Páxina do meu Windows Phone](#). Teña en conta que cando realiza unha solicitude desde a súa conta en liña, tentará recuperar a localización do seu teléfono independentemente de se os servizos de localización están activados no teléfono.

Opcións:

Por defecto, a funcionalidade para que a localización se garde cada poucas horas para unha mellor situación no mapa está desactivada. Para activar a funcionalidade:

1. Vaia a **Configuración > Sistema > Atopar o meu teléfono**.
2. Marque a opción **Gardar a localización do teléfono periodicamente e antes de esgotar a batería para atopalo máis facilmente**.

Para desactivar completamente a funcionalidade Atopar o meu teléfono, que impedirá que o teléfono funcione aínda que realice unha solicitude en liña específica, inicie sesión na súa conta en liña en [Páxina do meu Windows Phone](#) e:

1. Prema en **Conta**.
2. Prema en **Eliminar este teléfono**.

Internet Explorer Mobile

Suxestións automáticas

Para axudarlle a atopar máis rapidamente o contido que quere, Internet Explorer suxire sitios web automaticamente mentres escribe enderezos no explorador. As suxestións automáticas poden proceder do historial ou dos favoritos almacenados no seu teléfono, ou ben do servizo de Bing. Para

obter suxestións do servizo de Bing, o que escribe na barra de enderezos ou na barra de busca envíase ao servizo de Bing mentres o escribe. Para obter máis información acerca das prácticas de recompilación de Bing, revise [Declaración de privacidade de Bing](#).

Opcións:

Se non quere recibir suxestións automáticas do servizo de Bing en Internet Explorer:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Internet Explorer > Configuración avanzada**.
2. Desmarque a opción **Obter suxestións de Bing mentres escribo**.

Cookies

Os sitios web que visita con Internet Explorer poden usar "cookies" (pequenos ficheiros de texto que un servidor web coloca no seu teléfono para identificalo de forma única) para almacenar e ler ficheiros de datos no seu Windows Phone. As cookies atribúense de forma única ao seu teléfono e só as pode ler un sitio web o un servidor web do dominio que emitiu a cookie para vostede. As cookies non se poden usar para executar programas nin para fornecer virus no seu teléfono. Con frecuencia, úsanse para personalizar a súa visita a un sitio web ou para aforralle tempo. Por exemplo, para facilitar unha compra, unha cookie pode conter información do carro da compra, como a súa selección actual, así como información de contacto, como o seu nome ou enderezo de correo electrónico.

Ten a posibilidade de aceptar ou rexeitar as cookies en Internet Explorer. Se decide bloquealas, é posible que non poida ver algúns sitios web nin aproveitar as funcionalidades de personalización (como as noticias e o tempo locais ou as cotizacións en bolsa). Ademais de aceptar ou bloquear as cookies, pode escoller a configuración de Internet Explorer para "bloquear algunhas" cookies, a cal permite algunhas cookies, pero non todas. Por exemplo, esta configuración bloquea as cookies de terceiros dos sitios que non dispoñen dunha política de privacidade sólida, así como as que gardan información que se pode usar para contactar co usuario sen o seu consentimento explícito.

Opcións:

Pode xestionar o xeito no que se usan as cookies no seu teléfono. Para xestionar as cookies:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Internet Explorer > Configuración avanzada**.
2. En **Cookies de sitios web**, seleccione **Aceptar todas**, **Bloquear algunhas** ou **Bloquear todas**.

Sensor de datos

Sensor de datos axúdalle a rastrexar o seu uso de datos, descubrir que aplicacións están a usar a maioría dos datos e reducir o consumo de datos móbiles. Para obter máis información, consulte [Usar Sensor de datos para xestionar o uso de datos](#).

Do Not Track

Ao visitar un sitio web en calquera explorador, comparte automaticamente información con dito sitio web, como as cookies, o seu enderezo IP e outra información estándar sobre o dispositivo. Se o sitio web inclúe contido fornecido por un sitio web de terceiros (por exemplo, un mapa, un anuncio ou ferramentas de medición web, como scripts ou unha baliza web), parte desta información tamén se pode enviar automaticamente ao fornecedor do contido. Aínda que esta actividade poida ter varias vantaxes, incluída a facilitación de contido compatible con publicidade en sitios web gratuítos, tamén pode afectar a súa privacidade porque é posible que os provedores de contido rastrexen o usuario en varios sitios web.

Se escolle esta opción, Internet Explorer pode enviar unha solicitude de Do Not Track aos sitios web que visita, así como aos terceiros cuxo contido se aloxa neses sitios para permitir que saiban que o usuario prefire que non o rastrexen. Os sitios web poden continuar a participar en actividades que é posible que o usuario considere rastrexo aínda que teña expresado esta preferencia. Isto é independente das prácticas específicas dos sitios web.

Opcións:

Pode escoller se enviar solicitudes de Do Not Track mentres explora. Pode enviar as solicitudes escollendo a configuración **Recomendado** a primeira vez que use Internet Explorer ou activándoa ou desactivándoa máis tarde en calquera momento:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Internet Explorer > Configuración avanzada**.
2. Marque ou desmarque a opción **Enviar solicitudes de Do Not Track aos sitios web que visita**.

Favoritos e historial de exploración

Internet Explorer almacena no seu teléfono os sitios web que gardou como favoritos, así como o historial de URL que visitou recentemente. Se escolle sincronizar a súa configuración cunha conta de Microsoft, os seus favoritos e o historial sincronizaranse cos servidores de Microsoft para que poida acceder a eles desde outros dispositivos Windows. Para obter máis información, consulte a

sección **Sincronizar a configuración.**

Tamén pode escoller enviar o seu historial de exploración a Microsoft para axudar a mellorar os nosos servizos e produtos. Se ten Cortana activado, o historial de exploración que escolla enviar a Microsoft tamén se usará para ofrecer suxestións personalizadas. Se non ten Cortana activado, o historial de exploración que escolla enviar a Microsoft non se usará para as personalizacións.

Opcións:

Pode borrar os contrasinais dos sitios web que solicitou que Internet Explorer gardase, as entradas do cartafol do historial de Internet Explorer, os datos do formulario web, os ficheiros temporais da internet e as cookies que se gardaron no seu teléfono. Esta funcionalidade elimina os datos almacenados no seu teléfono, pero non elimina o historial de exploración nin outros datos de busca enviados previamente a Microsoft. Para eliminar o historial de exploración no seu teléfono:

1. **Vaia a Configuración > Aplicacións > Internet Explorer.**
2. Toque **Eliminar historial.**

Pode optar por enviar o seu historial de exploración a Microsoft escollendo a configuración **Recomendado** a primeira vez que use Internet Explorer. Pode activala ou desactivala en calquera momento:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Internet Explorer > Avanzado.**
2. Marque ou desmarque a opción **Enviar o historial de exploración para mellorar e (se está dispoñible esta opción) personalizar os servizos.**

Localización

Se permite que un sitio web acceda á súa localización, cada vez que o seu teléfono solicite a localización, é posible que o servizo de localización de Microsoft recompila información acerca das torres de telefonía móbil e os puntos de acceso Wi-Fi, así como a información dispoñible do sistema de posicionamento global (GPS). Dita información úsase para determinar a localización aproximada do seu teléfono. Para obter información adicional, consulte [Recompilación e uso da información de posicionamento de localización](#).

Opcións:

Preguntaráselle se quere permitir que un sitio web solicite a súa información de localización cando dito sitio web faga a solicitude no seu teléfono. Pode impedir que os sitios lle soliciten permiso para obter a súa localización en calquera momento:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Internet Explorer > Avanzado**.
2. Desactive **Desactivado** conmutador **Permitir acceso á miña localización** .

Contrasinais

Cando un sitio web require que introduza un nome de usuario e un contrasinal, Internet Explorer preguntarlle se quere gardalos. Pode escoller gardar un nome de usuario e un contrasinal para un determinado sitio. Tamén pode optar por gardar sempre ou non gardar nunca automaticamente os nomes de usuario ou contrasinais que introduza. Os contrasinais que Internet Explorer garda almacénanse cifrados no seu teléfono. Se escolle sincronizar a súa configuración cunha conta de Microsoft, os contrasinais cifrados sincronizaranse cos servidores de Microsoft para que poida usalos noutros dispositivos Windows. Para obter máis información, consulte a sección **Sincronizar a configuración**.

Opcións:

Pode escoller se Internet Explorer garda automaticamente os contrasinais:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Internet Explorer > Configuración avanzada**.
2. En **Contrasinais de sitios web**, **seleccione se lembralos ou non, ou ben preguntar cada vez**.

Para eliminar os contrasinais que Internet Explorer gardou no seu teléfono:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Internet Explorer**.
2. Toque o botón **Eliminar historial**.
3. Marque a caixa de verificación **Eliminar contrasinais gardados** e toque **Eliminar**.

Filtro de SmartScreen

Filtro de SmartScreen está deseñado para axudar a avisalo acerca dos sitios web non seguros que se fan pasar por sitios web de confianza (suplantación de identidade) ou que conteñen ameazas para o seu teléfono. Se opta por participar no Filtro de SmartScreen, primeiro compara o enderezo da páxina web que está a visitar cunha lista de enderezos de páxinas web de moito tráfico almacenados no seu teléfono, os cales Microsoft considerou lexítimos. Os enderezos que non aparecen na lista local enviaranse a Microsoft e compararanse cunha lista actualizada con frecuencia de páxinas web das que se informou a Microsoft como non seguras ou sospeitosas. É posible que se

inclúa información que pode estar asociada co enderezo web, como termos de busca ou datos que introduciu en formularios. As cadeas de enderezos poden incluír, sen querer, información persoal, pero dita información, como outra que se envía, non se usa para identificar o usuario nin contactar con el, así como tampouco para enviar publicidade dirixida ao usuario ou ao teléfono. Ademais, Microsoft emprega medidas técnicas para filtrar cadeas de enderezos para tentar eliminar información persoal.

Tamén se enviará periodicamente a Microsoft información acerca do uso que fai do Filtro de SmartScreen, como a hora e o número total de sitios web explorados desde que se enviou un enderezo a Microsoft para analízalo. Algúns enderezos de sitios web que se envían a Microsoft poden almacenarse xunto con información adicional, incluída a versión do explorador web, a do sistema operativo e a de SmartScreen, o idioma do explorador, a páxina web de referencia e información acerca do sitio web. Tamén se envía un identificador único xerado por Internet Explorer. O identificador único é un número xerado de forma aleatoria que non contén información persoal nin se usa para identificar o usuario. Esta información, xunto coa descrita anteriormente, só se usa para analizar o desempeño e mellorar a calidade dos nosos produtos e servizos.

Opcións:

Pode optar por usar a funcionalidade Filtro de SmartScreen escollendo a configuración **Recomendado** a primeira vez que use Internet Explorer ou activándoa ou desactivándoa máis tarde en calquera momento:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Internet Explorer > Configuración avanzada**.
2. Marque ou desmarque a opción **Usar Filtro de SmartScreen para protexelo contra sitios web non seguros**.

Recoñecemento do teclado

Mentres escribe, o seu Windows Phone pode suxerir palabras e correccións baseadas no dicionario do teléfono. Ao longo do tempo, o seu teléfono pode adaptarse automaticamente para incluír e suxerir as palabras que escribiu anteriormente, así como os nomes dos seus contactos. No caso da maioría dos idiomas, pode optar por desactivar estas suxestións. No entanto, no caso de determinados idiomas (como o chinés e o xaponés), non se poden desactivar as suxestións. No caso do xaponés, o seu teléfono tamén fará suxestións baseadas en partes de fíos das mensaxes recentes almacenadas no seu teléfono. As adaptacións automáticas do seu dicionario almacénanse no seu teléfono. Pode axudar a Microsoft a mellorar a escrita en Windows Phone e noutros produtos e servizos de Microsoft participando na funcionalidade de comentarios de información do teclado táctil. Pode participar mediante a escolla da configuración recomendada ao configurar o seu teléfono ou, se escolle a configuración personalizada, activando alí a funcionalidade. Cando

participa, a información do teclado táctil que usa Windows Phone para recoñecer os caracteres previstos (denominados "puntos táctiles") enviarase a Microsoft cando use o teclado no teléfono, xunto con algúns caracteres que escribiu, palabras que seleccionou a partir das suxestións e correccións automáticas. Dado que saber os tipos de palabras que escribe a xente nos seus teléfonos mellora a capacidade do teclado para interpretar correctamente os puntos táctiles, tamén se enviará o texto final. Se ten Cortana activado, o seu dicionario personalizado envíase a Microsoft para personalizar a súa experiencia. Consulte a sección [Cortana](#).

Para protexer a súa privacidade, non recompilamos información táctil do teclado cando o teléfono mostra unha pantalla de inicio de sesión ou un campo de contrasinal. Tamén tomamos medidas deseñadas para evitar a recompilación de enderezos de correo electrónico e secuencias numéricas, como números de teléfono, números de cartón de crédito etc. A información do teclado envíase de xeito que non identifica o usuario nin o teléfono e, a seguir, agrégase co texto de moitos usuarios e transfórmase no número total de caracteres e secuencias de palabras que hai que analizar.

Opcións:

No caso da maioría dos idiomas, pode xestionar as suxestións de escritura:

1. Vaia a **Configuración > Sistema > Teclado**.
2. Debaixo da opción **Engadir teclado** aparecen os idiomas activados.
3. Toque o idioma para o que quere desactivar as suxestións.
4. Desmarque as suxestións e as correccións que non quere.

Pode eliminar palabras que se engadiron ao teléfono:

1. Vaia a **Configuración > Sistema > Teclado**.
2. Toque **Avanzado**.
3. Toque **Restablecer suxestións**.

Pode modificar a configuración de mellora de suxestión de texto en calquera momento:

1. Vaia a **Configuración > Sistema > Teclado**.
2. Toque **Avanzado**.
3. Marque ou desmarque a opción **Mellorar suxestións mediante o envío de información acerca do uso do teclado a Microsoft**.

Área infantil

A Área infantil permítelle configurar o seu teléfono para que o seu fillo só poida acceder a xogos, música ou aplicacións que vostede designou especificamente. Aínda que non é necesario, esta funcionalidade funciona co seu contrasinal de bloqueo de pantalla para que, cada vez que inicie a Área infantil, o seu fillo só poida acceder aos elementos que coloca nela e non poida volver á pantalla de inicio ou iniciar outras aplicacións. Para retomar o acceso a outras aplicacións ou funcionalidades, debe volver introducir o contrasinal se configurou un. Cando un neno accede a unha aplicación na Área infantil, normalmente ten acceso á funcionalidade completa de dita aplicación e, por norma xeral, esta recompilará os mesmos datos que se recompilarían se se iniciase desde a pantalla de inicio normal. Cando un neno accede a unha aplicación na Área infantil, normalmente transmite e ten acceso á mesma información (como o seu identificador de publicidade) que o que tería se se iniciase desde a pantalla de inicio normal.

Opcións:

Pode configurar e xestionar a Área infantil cos xogos, música, vídeos e aplicacións aos que quere que poida acceder o seu fillo:

1. Vaia a **Configuración > Sistema > Área infantil**.
2. Alterne a **Área infantil** a **Activado** ou **Desactivado**.
3. Toque **Xogos, Música, Vídeos ou Aplicacións** para xestionar os elementos que quere incluír.

Indicacións de localización

As indicacións permítenlle buscar unha localización próxima e, a seguir, "indicar onde está" en determinados sitios de medios sociais. Cando comeza o proceso de indicacións, os datos proporciónanse ao servizo de busca de Bing para fornecer resultados de lugares próximos. Estes datos inclúen a localización, a hora e a data, así como os seus termos de busca. Unha vez seleccionada a localización para indicar onde está, os datos necesarios para crear a publicación solicitada pásanse ao medio social no que escolle publicar. Isto incluírá información acerca do lugar que indique, incluído o nome, a localización, o enderezo, o número de teléfono e a categoría ou o tipo (por exemplo, un restaurante, unha tenda ou un bar). Ao escoller "indica onde estás" pode expor a súa localización a outras persoas. Tamén pode permitir que Bing use a súa información de "indica onde estás" para axudar a personalizar os seus futuros resultados de busca no seu teléfono ou en calquera lugar no que inicie sesión na súa conta de Microsoft. Se escolle esta opción, o seu historial de "indica onde estás" almacénase asociado coa súa conta de Microsoft e pode usarse para

personalizar e mellorar outros produtos e servizos de Microsoft, como Cortana. Para obter máis información acerca das prácticas de recompilación de Bing, consulte [Buscar](#), así como [Declaración de privacidade de Bing](#). Para obter máis información xeral acerca dos servizos de localización, consulte [Recompilación e uso da información de posicionamento de localización](#). **Opcións:** Para usar a funcionalidade de "indica onde estás" debe cambiar os servizos de localización principais do seu teléfono a **Activado** tal como se describe na sección [Recompilación e uso da información de posicionamento de localización](#) desta declaración.

Para publicar "indica onde estás" e usar a localización para buscar lugares próximos para as publicacións:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Xente**.
2. Alterne o conmutador de **Usar a miña localización** a **Activado**.

Para permitir que Bing use o seu historial de "indica onde estás" para mellorar os seus resultados de busca:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Xente**.
2. Marque a opción **Gardar posicións indicadas e localizacións coa conta de Microsoft para mellorar os resultados de busca**.

Mapas

O seu teléfono contén tecnoloxía integrada de asignación de Nokia. En función da súa localización, as solicitudes feitas pola aplicación Mapas poden satisfacer a Nokia ou Bing. Ao solicitar un mapa ou interactuar coa Asignación de Nokia (como ao solicitar indicacións de rutas ou información sobre o tráfico), fornecerase algunha información estándar sobre o dispositivo a Nokia. Esta información non se usa para identificar o usuario nin o seu dispositivo, así como tampouco para contactar con eles nin enviarlles publicidade dirixida a menos que, en caso contrario, Nokia obteña o seu consentimento. Nokia pode usar estes datos para fornecer e mellorar os servizos de asignación. Na aplicación Mapas, pode rastrexar os seus lugares favoritos e as buscas recentes. Cando comeza a escribir nun campo de localización (por exemplo, na aplicación Calendario), os seus lugares favoritos e o historial de busca inclúiranse nas suxestións de busca. Se iniciou sesión coa súa conta de Microsoft no seu teléfono, os seus lugares favoritos e o historial de busca sincronizaranse con outros servizos e aplicacións nos que inicie sesión coa súa conta de Microsoft. Na configuración de Mapas, pode controlar se se sincroniza esta información, pero se ten Cortana activado, a información sincronizarase sempre. Para obter máis información acerca do xeito no que Cortana usa a información de localización, consulte [Sección de Cortana](#). Se permite que Mapas ou o Rastrexador local accedan á súa localización, a localización aproximada do seu teléfono, xunto coas consultas

que faga en ditas aplicacións, enviarase a Microsoft para mellorar e personalizar os produtos e servizos, como os resultados de busca locais. Para obter máis información acerca das prácticas de recompilación de Mapas e do Rastrexador local con tecnoloxía de Bing, consulte [Declaración de privacidade de Bing](#).

Opcións:

Para activar ou desactivar o acceso da funcionalidade de Mapas á localización do seu teléfono, o cal vén **Desactivado** por defecto:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Mapas**.
2. Alterne o conmutador de **Usar a miña localización** a **Activado** ou **Desactivado**.

Para borrar as anteriores buscas no mapa e os ficheiros temporais do seu teléfono:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Mapas**.
2. Toque **Eliminar historial**.

Mensaxería

Cando inicia sesión no seu teléfono cunha conta de Microsoft, pode sincronizar as súas mensaxes SMS e MMS e almacenalas na conta de Outlook.com asociada coa súa conta de Microsoft. Isto permítelle recuperar as mensaxes se cambia de teléfono ou o perde. Preguntaráselle se quere crear unha copia de seguranza das súas cousas durante a configuración do teléfono. Se escolle esta opción, activará a copia de seguranza de mensaxes SMS e MMS. Consulte [Copia de seguranza](#). Despois da configuración inicial do seu teléfono, pode xestionar a configuración de mensaxería en calquera momento. Por exemplo, pode activar ou desactivar as copias de seguranza das mensaxes de texto, xestionar as confirmacións de entrega, escoller con que aplicación quere recibir as mensaxes de texto e modificar a configuración de mensaxería. A desactivación da copia de seguranza das SMS ou MMS non eliminará as mensaxes previamente copiadas na súa conta de Outlook.com. Se quere eliminar esas mensaxes do almacenamento, ten que eliminalas primeiro do seu teléfono, antes de desactivar a copia de seguranza. Consulte [Correo electrónico + contas](#). Pode anexar un mapa da súa localización actual, unha foto, un vídeo, unha nota de voz ou información de contacto a unha mensaxe saínte. Se escolle anexar a súa localización á mensaxe, a base de datos de posicionamento de localización de Microsoft pode recompilar información sobre o punto de referencia. Consulte [Recompilación e uso da súa información](#). Se usa unha aplicación de terceiros para enviar ou recibir mensaxes de texto, o uso que fai a aplicación dos datos da mensaxe estará suxeito ás prácticas de privacidade do terceiro.

Opcións:

Para activar a sincronización de SMS ou MMS:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Mensaxería**.
2. Alterne o conmutador de **Copia de seguranza das mensaxes de texto** a **Activado**.

Para escoller a aplicación coa que quere recibir as mensaxes de texto:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Mensaxería**.
2. En **Recibir mensaxes de texto con**, escolla a aplicación que quere usar para recibir as mensaxes de texto.

Para anexar un mapa da súa localización ou outro ficheiro a unha mensaxe saínte:

1. Toque o símbolo de clip situado na parte inferior da pantalla.
2. Seleccione os elementos que quere anexar.

Conta de Microsoft

Unha conta de Microsoft mantén sincronizados os seus contactos, fotos, música, documentos, configuración, contrasinais e moito máis co seu computador ou Xbox. Tamén pode personalizar as súas experiencias nos servizos e produtos de Microsoft. Non ten que crear nin introducir unha conta de Microsoft para usar o seu teléfono. No entanto, se non asocia unha conta de Microsoft co seu teléfono, non poderá obter aplicacións da Tenda nin usar funcionalidades como Xbox Live, XBox Music, Copia de seguranza ou Atopar o meu teléfono. Se non quere crear nin introducir unha conta de Microsoft ao configurar o seu teléfono, toque **Agora non** cando se lle solicite crear ou introducir unha conta de Microsoft.

Se asocia unha conta de Microsoft co seu teléfono, pode usar unha conta de Microsoft existente ou crear unha co teléfono. Se xa ten unha conta, os contactos asociados con ela sincronizaranse automaticamente co seu teléfono. Ao conectar unha conta de Microsoft, importaranse automaticamente os contactos e os elementos do calendario que engadiu de forma local no seu teléfono no calendario e na lista de contactos da súa conta de Microsoft en liña. Os contactos e os elementos do calendario de servizos de terceiros, como as contas de medios sociais, non se importan á súa conta de Microsoft. Tras crear a súa conta de Microsoft, pode usar as mesmas credenciais para iniciar sesión en moitos sitios e servizos diferentes de Microsoft, así como en aplicacións e servizos de terceiros. Ao iniciar sesión nun sitio ou servizo de Microsoft, é posible que inicie sesión automaticamente ao visitar outros sitios e servizos de Microsoft. Unha vez inicie sesión, pode escoller usar a súa conta de Microsoft con aplicacións e servizos de terceiros. O xeito no que unha aplicación ou servizo de terceiros usa a información da súa conta de Microsoft está suxeito ás prácticas de privacidade do terceiro. Para obter máis detalles acerca das prácticas de recompilación

de información das contas de Microsoft e do xeito no que se usa a información das credenciais cando inicia sesión para participar en sitios, lea as declaracións da conta de Microsoft en [Declaración de privacidade de Microsoft.com](https://www.microsoft.com/privacystatement).

Opcións:

Para configurar ou asociar unha conta existente de Microsoft co seu teléfono durante a configuración do mesmo, siga as indicacións que aparecen na pantalla. Tamén pode facelo en calquera momento trala configuración:

1. Vaia a **Configuración > Sistema > Correo electrónico + contas**.
2. Toque **Engadir unha conta**.
3. Toque **Conta de Microsoft**.
4. Siga as indicacións que aparecen na pantalla.

Pode eliminar as credenciais de inicio de sesión da súa conta de Microsoft desde o seu teléfono en calquera momento. No entanto, esta acción eliminará todos os datos do seu teléfono, incluídas todas as aplicacións que descargou, a música, as imaxes e os vídeos, e restablecerá o teléfono á configuración de fábrica.

Para eliminar as credenciais de inicio de sesión da súa conta de Microsoft desde o seu teléfono:

1. Vaia a **Configuración > Acerca de**.
2. Toque **Restablecer o teléfono**.
3. Siga as indicacións que aparecen na pantalla.

Notificacións e centro de actividades

Ao pasar o dedo cara abaixo desde a parte superior da pantalla, pode ver as notificacións recentes das súas aplicacións e realizar accións rápidas, como activar o Bluetooth ou abrir a cámara. Pode escoller que aplicacións e accións rápidas aparecen no centro de actividades, así como se este está dispoñible cando o teléfono está bloqueado. Se opta por facer que o centro de actividades estea dispoñible mentres o teléfono está bloqueado, notificacións como as mensaxes de texto ou os correos electrónicos serán visibles sen ter que desbloquear o teléfono.

Opcións:

Para borrar notificacións do centro de actividades:

1. Pase o dedo cara abaixo desde a parte superior da pantalla para abrir o centro de actividades.
2. Toque **Borrar todo** para borrar todas as notificacións ou pase o dedo cara á dereita nunha notificación individual para borrarla.

Para escoller que acción rápidas aparecen no centro de actividades:

1. Vaia a **Configuración > Notificacións + accións**.
2. Toque unha das accións rápidas para escoller cal usar.

Para escoller se o centro de actividades mostra cando o teléfono está bloqueado:

1. Vaia a **Configuración > Notificacións + accións**.
2. Marque ou desmarque a opción **Mostrar notificacións no centro de actividades cando o teléfono está bloqueado**.

Para modificar a configuración de notificacións dunha aplicación:

1. Vaia a **Configuración > Notificacións + accións**.
2. Toque unha aplicación da lista para modificar a súa configuración de notificacións.

Office Mobile

Unha vez configurado o teléfono cunha conta de Microsoft, os documentos, a configuración de documentos e as notas almacenadas no seu teléfono poden sincronizarse con OneDrive, Office 365 ou Microsoft SharePoint Server. As propiedades específicas dos metadatos dos documentos sincronizaranse automaticamente co seu teléfono para fornecer información actual, como a data da última actualización e o autor dos documentos. Os documentos (Word, Excel, PowerPoint) que crea no teléfono sincronízanse con OneDrive, Office 365 ou Microsoft SharePoint Servers só cando realiza a acción explícita de gardalos nunha destas localizacións. Os ficheiros de OneNote sincronízanse automaticamente ao pechalos ou ao cambiar a outra función se hai unha conexión de datos dispoñible.

Opcións:

Para eliminar todos os contidos e configuración de Office, incluídos os sitios gardados de SharePoint, os documentos de SharePoint, os documentos de OneDrive, a configuración e as credenciais do seu teléfono

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Office**.

2. Toque **Restablecer Office**.

Nome de usuario

Cada ficheiro gardado por Microsoft Excel Mobile, Microsoft OneNote Mobile, Microsoft PowerPoint Mobile e Microsoft Word Mobile inclúe as seguintes propiedades de ficheiro:

- Autor
- Gardado por última vez por

Ademais, se garda os comentarios nun ficheiro, Office Mobile inclúe o seu nome de usuario con cada comentario. Deste xeito, esta información está dispoñible para calquera persoa que teña acceso ao seu ficheiro.

Opcións:

Para modificar o nome de usuario asociado aos seus ficheiros, como os comentarios e as propiedades do ficheiro:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Office**.
2. Modifique ou borre o nome de usuario.

Centro Xente

O centro Xente permítelle ver e interactuar cos contactos almacenados no seu teléfono e sincronizados desde as súas contas en liña, como a súa conta de correo electrónico ou de Facebook. Pode consultar e editar a información de contacto, así como ver as actualizacións dos seus contactos das aplicacións de redes sociais que integran Windows Phone e interactuar con elas. Por exemplo, pode responder á actualización de estado de Facebook dun amigo que vexa no centro Xente. Tamén pode actualizar o seu propio estado ou publicar indicacións de localizacións. Consulte [Indicacións de localización](#). As súas interaccións con servizos de terceiros están suxeitas ás condicións de uso aplicables e ás prácticas de privacidade dos terceiros.

Ao engadir unha conta ao seu teléfono (consulte a sección [Correo electrónico + contas](#)), os contactos asociados a dita conta sincronízanse automaticamente co seu teléfono. Pode ver ou editar estes contactos ou engadir novos no centro Xente. Se unha aplicación ten acceso aos seus contactos, pode fornecer detalles adicionais aos contactos existentes, fornecer os seus propios contactos e recompilar a información dos contactos existentes. O uso que fai unha aplicación de terceiros da información dos seus contactos está suxeito ás condicións de uso aplicables e ás

prácticas de privacidade dos terceiros.

O uso que fan as aplicacións da información de contacto pode usarse para mellorar a súa experiencia. Por exemplo, unha aplicación de videochamadas pode engadir os seus nomes de usuario aos contactos existentes. Nese caso, cando está nunha chamada desde o teléfono móbil cun contacto para o que a aplicación forneceu un nome de usuario, o seu teléfono pode permitirlle iniciar de xeito fluído unha videochamada con el a través de dita aplicación.

Opcións:

Pode escoller se os contactos se sincronizan desde as contas que engadiu no seu teléfono:

1. Vaia a **Configuración > Correo electrónico + contas**.
2. Toque unha conta para seleccionala.
3. En **Contido para sincronizar**, marque ou desmarque a opción **Contactos**.

Suxestións personalizadas

Se ten Cortana activado, fornecerá suxestións personalizadas tal como se describe na sección Cortana. Se non o ten activado, aínda pode obter suxestións personalizadas tal como se describe nesta sección.

Se activa as suxestións personalizadas, Microsoft tentará personalizar aínda máis a súa experiencia de Windows Phone afinando os resultados de busca e as aplicacións de suxestións, así como os xogos, que lle poden interesar. Estas suxestións baséanse na información que recompilamos a través doutras funcionalidades e servizos asociados á súa conta de Microsoft, así como o uso que fai de determinados servizos e funcionalidades relacionados co seu teléfono. Isto inclúe información acerca do uso que fai do teléfono (por exemplo, que aplicacións se executan con máis frecuencia), a actividade da Tenda (por exemplo, o tipo de aplicacións que explora, descarga e revisa), a súa actividade de inicio de sesión noutros servizos (por exemplo, a súa actividade en Xbox Live) asociada á súa conta de Microsoft e a información de localización (por exemplo, a súa localización ao buscar con Bing) co fin de fornecerlle mellores suxestións xeográficas. Tamén pode escoller completar as súas suxestións conectando Windows Phone con Facebook, o cal pode incluír nas súas suxestións contidos que lles gustan aos seus amigos. Se se conecta con Facebook, outras funcionalidades (como Cortana) tamén se conectarán con Facebook e poden usar os seus datos.

A información acerca do uso que fai do seu teléfono recompílese a través dos comentarios do teléfono. Tal como se describe a continuación, normalmente os datos dos comentarios só se asocian cun ID único que non identifica o usuario nin o teléfono e que non está asociado á súa

conta de Microsoft. Ao escoller participar nos comentarios e optar por participar nas suxestións personalizadas, asociaremos estes datos á súa conta de Microsoft para permitirlle unha experiencia personalizada co teléfono. Se non ten os comentarios activados, ditos datos non se recompilarán aínda que, en caso contrario, opte por participar nas suxestións. No entanto, outros datos, como a súa actividade na Tenda, aínda fornecerán unha base para as personalizacións.

Pode escoller desactivar as suxestións personalizadas en calquera momento. Ademais de deter as suxestións personalizadas, se optou por participar nos comentarios, isto provocará que os futuros datos dos comentarios se asocien de novo só cun ID único e que non se asocien á súa conta de Microsoft. Non alterará outra recompilación de datos asociada á súa conta de Microsoft (por exemplo, a relacionada coas súas actividades da Tenda). Eses datos aínda se recompilarán nos servidores da Tenda e poden usarse máis tarde se volve activar as suxestións personalizadas.

Opcións:

Ao usar a Tenda, pode solicitárselle se quere activar a funcionalidade Suxestións personalizadas, a cal vén **Desactivado** por defecto. Tamén pode activar ou desactivar a funcionalidade de suxestións en calquera momento:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Tenda**.
2. Toque en **Suxestións**.
3. Alterne o conmutador de **Suxestións** a **Activado** ou **Desactivado**.

Tamén pode modificar a súa selección acerca de se quere completar as suxestións personalizadas cos seus datos de Facebook en calquera momento:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Tenda**.
2. Toque en **Suxestións**.
3. Toque en **Facebook** para conectarse a Facebook e activar as suxestións de Facebook, ou manteña premido **Facebook** e toque **Eliminar suxestións de Facebook** para eliminar ditas suxestións.

Comentarios do teléfono

Ao participar nos comentarios de Windows Phone (comentarios), pode axudar a Microsoft a mellorar Windows Phone e outros produtos e servizos de Microsoft, así como produtos e servizos de asociados de confianza. Ao escoller participar, recompilamos información acerca do uso que fai do seu teléfono e das aplicacións, así como dos erros que experimenta e doutros comentarios que enviou a Microsoft. As seguintes categorías

de datos poden recompilarse e enviarse periodicamente a Microsoft con conexións de datos dispoñibles:

- A configuración do teléfono, como as conexións de rede en uso, a resolución da pantalla, o uso da memoria, a duración da batería, a configuración do dominio das contas de correo electrónico que configurou e a versión de software de Windows Phone que se está a executar.
- Os datos de desempeño e fiabilidade, como a rapidez coa que unha funcionalidade responde cando toca unha icona ou preme un botón, os problemas que experimenta cunha funcionalidade e a velocidade á que se envía ou recibe información a través dunha conexión de rede.
- O uso da aplicación, como as funcionalidades e as aplicacións que usa máis a miúdo, as funcionalidades e aplicacións que fixa na pantalla Inicio, como navega nos menús da aplicación e na Tenda, con que frecuencia modifica a configuración e actualiza as fontes e a información de contacto, así como canto tempo usa determinadas funcionalidades e aplicacións.
- Os erros de operación do software, como os problemas que o interrompen ao usar o teléfono, así como os erros que se producen en segundo plano. Os informes poden conter información persoal, pero Microsoft usa dita información para diagnosticar erros, non para identificalo nin poñerse en contacto con vostede.
- Os comentarios que envía de forma voluntaria a Microsoft.

Microsoft non usa a información recompilada polos informes de comentarios para identificalo, a menos que conceda permiso especificamente nunha determinada funcionalidade (por exemplo, se decide obter as Suxestións na Tenda).

Usamos a información dos comentarios para mellorar os produtos e as funcionalidades que os usuarios usan con máis frecuencia, así como para axudar a crear solucións a problemas habituais. A información dos comentarios, especialmente os informes de erros, pode conter información persoal. Por exemplo, un informe que contén unha instantánea da memoria dun teléfono pode incluír a súa lista de contactos, parte dun correo electrónico ou SMS no que estivese a traballar ou os datos que enviou recentemente a un sitio web. No entanto, esta información só se usa para diagnosticar erros, non para poñerse en contacto con vostede. Para mellorar os produtos e servizos que se executan no software de Microsoft, podemos compartir a información dos comentarios cos fabricantes do equipamento e con outros asociados de confianza. Prohibimos a estes asociados que usen ditos datos para poñerse en contacto con vostede.

Opcións:

Para modificar a configuración de comentarios de Teléfono en calquera momento:

1. Vaia a **Configuración > Sistema > Comentarios**.
2. Alterne a **Enviar comentarios** a **Desactivado** ou **Activado**.

Fotos + cámara

A cámara do teléfono permítelle incorporar información de localización nas súas fotos. Teña en conta que ao escoller compartir fotos con información de localización incorporada en medios sociais, servizos en liña e aplicacións, pode estar a expor dita información a outras persoas. O uso que fai un terceiro desta información de localización está suxeito ás prácticas de privacidade do terceiro.

Cando saca fotos que levan incorporada a súa localización, a aplicación Fotos pode agrupalas por hora e localización. Para agrupar as súas fotos, a aplicación Fotos envía a Microsoft a información de localización das súas fotos, a fin de determinar o nome das localizacións, como "Vigo (Pontevedra)". Microsoft non garda a información de localización enviada pola aplicación Fotos, non a asocia coa súa conta de Microsoft nin a usa para identificalo, para poñerse en contacto con vostede nin para enviarlle publicidade.

Ao iniciar sesión cunha conta de Microsoft no seu teléfono, pode escoller cargar fotos ou vídeos automaticamente nun cartafol de OneDrive e xestionar a calidade (resolución) das cargas. Esta funcionalidade carga o contido multimedia que o usuario captura no dispositivo, así como o que garda (como o procedente dun álbum multimedia social). Non carga automaticamente contido multimedia dun cartón USB nin ningún contido que copie no seu teléfono a través dunha conexión USB desde un computador. Preguntaráselle se quere crear unha copia de seguranza das súas cousas durante a configuración do teléfono. Se escolle esta opción, activarase a carga automática de fotos de resolución máis baixa. Consulte [Copia de seguranza](#).

Trala configuración inicial do teléfono, pode xestionar o seu almacenamento de fotos e vídeos de OneDrive de forma máis detallada. Por exemplo, pode escoller cargar tamén vídeos en OneDrive ou cargar fotos e vídeos de alta resolución. En función da calidade de resolución que escolla, o seu teléfono pode usar conexións Wi-Fi ou de datos móbiles e a carga pode retrasarse até que se estableza unha conexión de datos adecuada. Ao desactivar a carga automática, non se eliminarán as fotos que se cargaron previamente en OneDrive. Para eliminar ditas fotos do almacenamento, debe iniciar sesión na súa conta en liña en [Páxina do meu Windows Phone](#).

Pode escoller instalar aplicacións de terceiros que tamén permiten cargas automáticas de fotos e vídeos. O seu teléfono pode axudarlle a atopar ditas aplicacións, así como a identificar as aplicacións que ten compatibles coas cargas automáticas. Debe ter moi en conta as condicións de uso e as prácticas de privacidade de ditas aplicacións.

Opcións:

Pode solicitárselle se quere que a Cámara inclúa información de localización nas fotos e vídeos que captura, opción que vén desactivada por defecto. Para modificar esta configuración en calquera momento:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Fotos + cámara**.
2. Alterne o conmutador de **Usar información de localización** a **Activado** ou **Desactivado**.

Para cargar fotos ou vídeos automaticamente no seu cartafol de OneDrive:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Fotos + cámara**.
2. En **Carga automática**, toque na entrada **OneDrive**.
3. Use os botóns de opción en **Fotos** e **Vídeos** para configurar a resolución que quere para as cargas.

Para buscar e instalar outras aplicacións que poden cargar fotos e vídeos automaticamente:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Fotos + cámara**.
2. En **Carga automática**, toque na entrada **Aplicacións**.
3. Toque o botón **Buscar aplicacións**.

Para escoller se a aplicación Fotos agrupa as fotos por hora e localización:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Fotos + cámara**.
2. En **Configuración da foto**, marque ou desmarque a opción **Agrupar as miñas fotos por data e localización**.

Salas

Salas permítelle compartir mensaxes de chat, calendarios, fotos, vídeos e notas con outros membros da sala. Os membros verán as mensaxes de chat, os elementos do calendario, as fotos e as notas que escollo compartir especificamente coa sala. Os membros non terán acceso aos seus calendarios, fotos e notas persoais, excepto os que escolleu compartir cos seus amigos de Messenger. Salas depende de Messenger para a función de chat e todos os membros da sala verán as mensaxes de texto que envía á sala. Ao configurar unha sala e convidar outras persoas a ela ou ao aceptar un convite para unirse a unha sala, converterase automaticamente en amigo de

Messenger dos outros membros da sala, así como dos que se unan posteriormente. En función da súa configuración de Messenger, os amigos poden revisar a súa información de perfil de Messenger e ver outra información que escollo compartir cos seus amigos de Messenger (como os ficheiros compartidos en OneDrive). Se é membro dunha sala, é posible que non reciba unha notificación cando o creador da mesma convide outros membros a unirse á sala. Se vostede ou outros membros saen da sala, ou ben se elimina algún membro ou unha sala, continuarán a ser amigos de Messenger a menos que elimine a persoa de forma separada da súa lista de amigos de Messenger. É posible que queira comprobar periodicamente a súa conta de Messenger e xestionar a configuración dos seus amigos.

Opcións:

Para crear unha sala desde Inicio:

1. Se en Inicio hai visible un mosaico de sala de familia, toque nel.
2. Toque **Convidar alguén**.
3. Escolla un contacto (cun número de teléfono) e envíelle un convite para unirse á sala.

Para crear unha sala desde o centro Xente:

1. En Inicio, toque **Xente**.
2. Pase o dedo cara á esquerda ou á dereita en **Xuntos**.
3. Toque **Novo +**.
4. Toque **Sala**.
5. Escriba un nome para a sala e toque **Gardar**.

Para editar ou eliminar unha sala (se é o propietario ou creador dela):

1. En Inicio, toque **Xente**.
2. Pase o dedo cara á esquerda ou á dereita en **Xuntos**.
3. Toque a sala que quere editar ou eliminar.
4. Pase o dedo por **Membros**.
5. Realice unha das seguintes accións:
 - Para convidar un membro á sala, toque **Membros > Convidar +**.
 - Para eliminar un membro da sala, toque **Membros**, toque o contacto e, a seguir,

Eliminar.

- Para renomear a sala, toque **Máis. . . > Renomear.**
- Para eliminar a sala, toque **Máis. . . > Eliminar sala.**

Para saír dunha sala (se non é o propietario ou creador dela):

1. En Inicio, toque **Xente.**
2. Pase o dedo cara á esquerda ou á dereita en **Xuntos.**
3. Toque a sala da que quere saír.
4. Pase o dedo por **Membros.**
5. Toque **Saír da sala** e, a seguir, toque **Saír.**

Para deixar de ser amigo dunha persoa en Messenger, elimine o contacto do teléfono.

Buscar

Se ten Cortana activado, forneceralle funcionalidades de busca no seu teléfono. Consulte [Cortana](#). Se non o ten activado, aínda pode usar as funcionalidades de busca descritas nesta sección. A busca de Bing pode axudarlle a atopar rapidamente a información que quere. Para obter máis información acerca das prácticas de privacidade de Bing, revise [Declaración de privacidade de Bing](#).

Opcións:

Para borrar do seu teléfono os termos de busca, as buscas de música e as buscas de Tag e Vision que se escribiron anteriormente:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Busca.**
2. Toque **Eliminar historial.**

Suxestións automáticas

Para axudarlle a atopar máis rapidamente o contido que quere, a Busca suxire automaticamente termos de busca mentres escribe. As suxestións automáticas poden proceder do historial de busca almacenado no seu teléfono, ou ben do servizo de Bing. Para obter suxestións do servizo de Bing, o seu termo de busca envíase a Bing mentres o escribe ou o fala.

Opcións:

Para activar ou desactivar as suxestións automáticas da funcionalidade de Busca do servizo de Bing, que vén **Activado** por defecto:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Busca**.
2. Marque ou desmarque a opción **Obter suxestións de Bing mentres escribo**.

Localización

Se permite que a Busca acceda á súa localización, a localización do teléfono enviarase a Bing e usarase como se describe na declaración de privacidade de Bing.

Opcións:

Para activar ou desactivar o acceso da funcionalidade de Busca á localización do seu teléfono, que vén **Desactivado** por defecto:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Busca**.
2. Alterne o conmutador de **Usar a miña localización** a **Activado** ou **Desactivado**.

Microsoft Tags

Ao dixitalizar un Microsoft Tag (un código de barras bidimensional), a cámara do teléfono dixitaliza o Microsoft Tag para devolverlle a información aplicable. A información da imaxe non se asocia á súa conta de Microsoft nin se usa para poñerse en contacto con vostede. Microsoft tamén pode enviarlle información estándar acerca do teléfono (e datos de localización, se escolle esa configuración) para que o creador de Tag forneza resultados baseados no seu teléfono e noutros Tags que dixitalizou do mesmo creador de Tag. Por exemplo, se dixitaliza un Tag do póster dun filme, pode fornecerse a información recompilada por Microsoft ao editor do póster, o cal a pode usar para proporcionarlle os horarios de espectáculos próximos do filme. O uso que fan desta información os creadores de Tag está suxeito ás súas prácticas de privacidade, e non a esta declaración de privacidade.

Opcións:

Para activar ou desactivar a opción de envío de información de localización da funcionalidade de Busca en relación coas dixitalizacións de Microsoft Tags, a cal vén **Desactivado** por defecto:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Busca**.

2. Marque ou desmarque a opción **Enviar información de localización de Microsoft Tags**.

Buscas de música

Ao usar a funcionalidade de busca de música, unha "impresión dixital" do audio capturado polo micrófono envíase a Bing co fin de fornecerlle resultados de busca. A información do audio non se asocia á súa conta de Microsoft nin se usa para identificalo nin para poñerse en contacto con vostede, así como tampouco co teléfono.

Buscas visuais

Ao usar a funcionalidade de buscas visuais, a cámara do teléfono dixitaliza calquera cousa que estea no seu campo de visión durante un pequeno período de tempo e envíase a Bing unha serie de fotogramas co fin de fornecerlle resultados de busca. A información da imaxe non se asocia á súa conta de Microsoft nin se usa para identificalo nin para poñerse en contacto con vostede, así como tampouco co teléfono. Debe ser consciente de que isto pode dar lugar ao envío accidental dalgúns fotogramas estraños a Bing, así como ter en conta cara onde apunta a cámara.

Opcións:

Para activar ou desactivar a opción de almacenamento e uso de imaxes que enviou da funcionalidade de Busca para mellorar os futuros resultados de Bing, a cal vén **Activado** por defecto:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Busca**.
2. Marque ou desmarque a opción **Permitir que Microsoft almacene e use imaxes de buscas en vision**.

SharePoint Mobile

Pode importar unha lista de sitios de SharePoint e gardar as credenciais de rede e dos dominios no seu teléfono. Cando accede a un sitio de SharePoint, se ten permisos para crear un novo subsitio, o sitio garda cookies no seu teléfono. Xuntas, ditas cookies forman unha lista dos sitios para os que ten permisos. Varios programas de Office usan esta lista para fornecerlle un acceso rápido aos sitios que visitou anteriormente. Se elimina as cookies do teléfono, solicitaráselle que volva introducir as súas credenciais para obter acceso aos sitios.

Microsoft non pode acceder á lista de sitios de SharePoint que visitou e non está exposta

á internet a menos que escolla facela dispoñible de forma máis ampla. Ao crear un novo sitio web ou lista en SharePoint, así como ao engadir ou convidar xente a un sitio web ou lista existente, o sitio garda a seguinte información de cada persoa:

- Nome completo
- Enderezo de correo electrónico

Engádesse un ID de usuario a cada elemento que vostede ou os outros usuarios do sitio modifican ou engaden ao sitio. Así como con todo o contido dos sitios de SharePoint, só teñen acceso a esta información os administradores e os membros do sitio.

Todos os elementos do sitio de SharePoint inclúen dous campos:

- Creado por (nome de usuario da persoa que creou o elemento e data de creación)
- Modificado por (nome de usuario da persoa que modificou o elemento por última vez e data de modificación)

Os administradores dos servidores nos que se aloxan os sitios de SharePoint teñen acceso a algúns datos de ditos sitios, incluídos os nomes, os enderezos de correo electrónico e os permisos de todos os usuarios con permiso para acceder ao sitio, o cal se usa para analizar as tramas de uso do sitio, así como para mellorar a porcentaxe de tempo que está dispoñible o sitio. Todos os usuarios con acceso a un sitio específico de SharePoint poden buscar e ver todo o contido dispoñible nese sitio.

Opcións:

Para abrir ligazóns de SharePoint na plataforma común de Office, opción que vén **Activado** por defecto:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Office**.
2. Marque ou desmarque a opción **Abrir ligazóns de SharePoint na plataforma común Office**.

Voz

Windows Phone fornece un servizo de recoñecemento de voz para as aplicacións e funcionalidades compatibles con voz. Se ten Cortana activado, forneceralle o servizo de recoñecemento de voz: [ver a sección de Cortana](#). Se non o ten activado, aínda pode usar as funcionalidades de recoñecemento de voz descritas nesta sección.

Ao usar o servizo de recoñecemento de voz no seu teléfono para as aplicación e funcionalidades compatibles con voz, tanto se as fornece Microsoft como terceiros, a entrada de voz e os datos de

desempeño asociados á funcionalidade de voz, como as modificacións que realiza manualmente no texto e no resultado do texto final ("datos de voz") enviaranse automaticamente a Microsoft para procesar a solicitude e responder a ela, así como para mellorar o servizo de voz. Para axustar mellor os nosos algoritmos de recoñecemento de voz, os nomes dos contactos recentes (pero non os números de teléfono nin outra información de contacto) tamén se enviarán a Microsoft. Solicitaráselle activar o servizo de recoñecemento de voz ao tentar usar por primeira vez calquera funcionalidade de voz.

Cando se envían datos de voz a Microsoft, xérase un ID único que se almacena no seu teléfono e envíase con solicitudes para distinguir solicitudes de diferentes teléfonos. O ID único é un número xerado de forma aleatoria que non contén información para identificar directamente o usuario de forma persoal.

Se desactiva o servizo de recoñecemento de voz, non poderá buscar en liña coa súa voz nin enviar unha mensaxe a través de voz, pero aínda poderá usar outros comandos simples de voz compatibles unicamente no teléfono, como "Chamar a mamá" ou "Iniciar Internet Explorer".

Opcións:

Para evitar que os datos de voz se envíen a Microsoft, no caso de que os activase anteriormente:

1. Vaia a **Configuración > Voz**.
2. Desmarque a opción **Activar servizo de recoñecemento de voz**.

Sensor de almacenamento

Pode usar un cartón SD para importar ou exportar ficheiros de datos do seu teléfono, como música ou fotos. Pode escoller almacenar imaxes, música, vídeos ou determinadas aplicacións no seu cartón SD. Ao inserir un cartón SD por primeira vez, pode escoller que tipos de datos almacenar nel. Pode modificar esta configuración en calquera momento.

Debe ter en conta que os datos almacenados no seu cartón SD son máis susceptibles a posibles perdas ou accesos non autorizados por parte doutros usuarios. Unha vez eliminados do seu teléfono, normalmente os datos do cartón SD pode lelos calquera dispositivo no que se insira, aínda que configure un contrasinal de pantalla de bloqueo para o teléfono. Debe ter moi en conta os datos que escolle almacenar no seu cartón SD.

Opcións:

Para seleccionar que datos almacenar no seu cartón SD ou na memoria interna:

1. Vaia a **Configuración > Sistema > Sensor de almacenamento**.
2. No menú emerxente do tipo de datos nos que está interesado, seleccione **Teléfono** ou **Cartón SD**.

Tenda

Para crear unha nova conta da Tenda, é posible que teña que fornecer a súa idade e o país ou rexión. Se xa ten unha conta de facturación de Microsoft, poderá usar os métodos de pago que xa engadiu para comprar contido e aplicacións desde a Tenda. Tamén recompilamos o seu enderezo de correo electrónico para pode fornecer notificacións e recibos da Tenda. No caso das contas novas, xeraremos automaticamente un alcume (ao que nos referimos como gamertag) que se usa para identificar o usuario nos servizos de Xbox Live e Xbox Music.

Se publica opinións na Tenda, estas almacenaranse debaixo do nome na súa conta de Microsoft. O programador dunha aplicación que revise poderá ver a súa opinión e escribir unha resposta a ela por correo electrónico. Microsoft enviaralle a resposta por correo electrónico en nome do programador (o cal non recibe o seu enderezo de correo electrónico). No entanto, se responde directamente ao enderezo de correo electrónico de asistencia do programador, este disporá do seu enderezo de correo electrónico. Pode escoller deixar de recibir respostas de programadores de Microsoft mediante o uso da ligazón de baixa voluntaria nun correo electrónico de resposta á opinión.

A Tenda fornece unha experiencia en liña asociada ao seu teléfono. Cando visita a Tenda, recompilamos información acerca da exploración, das compras e doutras actividades feitas na Tenda. Normalmente, esta actividade úsase para mellorar a experiencia da Tenda e pode usarse para fornecerlle recomendacións específicas no seu teléfono se a activa [Suxestións personalizadas](#) ou [Cortana](#). Tamén podemos compartir os datos agregados acerca da actividade da Tenda cos asociados.

Pode que sexa necesario o uso dun PIN de Carteira para poder facer determinadas compras desde a aplicación, así como comprar música e aplicacións. Para permitirlle facturar cobros das aplicacións a través do seu operador de telefonía móbil (cando se apliquen), podemos recompilar datos que identifican o seu teléfono e o seu operador de telefonía móbil, como o seu IMSI e unha parte do seu identificador de cartón de módulo de identidade do subscritor ("SIM"); non todos os teléfonos usan cartóns SIM. Isto permítenos facilitar a facturación e resolver preguntas acerca de erros nas compras, dos prezos e doutros problemas. Non usamos a información recompilada deste xeito con ningún outro fin nin compartimos ditos datos con outras partes diferentes ao seu operador de telefonía móbil.

Os ID das aplicacións que instalou no seu teléfono envíanse periodicamente á Tenda para

determinar se hai actualizacións dispoñibles para as aplicacións que instalou. Se escolle actualizar as aplicacións automaticamente (por exemplo, ao configurar o seu teléfono), a Tenda descarga automaticamente as versións actualizadas das súas aplicacións. Pode escoller se as actualizacións da aplicación se instalan automaticamente na configuración da Tenda. No entanto, é posible que determinadas actualizacións precisen o funcionamento continuado de certas aplicacións.

Opcións:

Para controlar se as actualizacións da aplicación se descargan e instalan automaticamente:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Tenda**.
2. En **Actualizacións de aplicacións**, alterne o conmutador de **Actualizar aplicacións automaticamente** a **Activado** ou **Desactivado**.

Para requirir o uso do seu PIN de Carteira para poder facer determinadas compras desde a aplicación, así como comprar música e aplicacións:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Tenda**.
2. Toque en **PIN**.
3. Alterne o conmutador de **PIN de Carteira** a **Activado** e siga as indicacións para introducir o seu PIN (se non o fixo anteriormente).
4. Marque a caixa de verificación **Usar o PIN da Carteira para protexer a música, as aplicacións e as compras desde a aplicación**.

Esta funcionalidade tamén se pode activar a través da configuración de Carteira. Consulte [Carteira](#). Para editar ou eliminar información da súa conta de facturación de Microsoft, inicie sesión na súa conta en [Xestión de contas e facturación de Microsoft](#). Para editar e revisar o contido que publicou anteriormente na Tenda, inicie sesión na Tenda e prema ou toque no texto da opinión.

Configuración de sincronización

Cando inicia sesión no seu teléfono cunha conta de Microsoft, sincroniza automaticamente algunhas das súas opcións de configuración e parte da súa información cos servidores de Microsoft para ter experiencias máis coherentes en diferentes dispositivos Windows, como o seu teléfono e o seu computador. A información que pode sincronizarse inclúe o seu tema, a configuración da aplicación, os contrasinais que gardou e o historial e os favoritos de Internet Explorer.

Se xa escolleu sincronizar a configuración coa súa conta de Microsoft noutro dispositivo Windows,

algunhas opcións de configuración sincronizaranse automaticamente co seu teléfono durante a configuración despois de iniciar sesión na súa conta de Microsoft.

Para axudar a protexer a súa privacidade, todas as configuracións sincronizadas envíanse cifradas a través de SSL. É posible que algunhas configuracións non se sincronicen até confirmar a súa conta de Microsoft no dispositivo. Microsoft non usa estas configuracións sincronizadas nin esta información para identificalo, así como tampouco para poñerse en contacto con vostede nin enviarlle publicidade.

Teña en conta que algunhas aplicacións sincronizan os seus propios datos doutros xeitos, os cales poden ter configuracións independentes.

Opcións:

Ao iniciar sesión no seu teléfono cunha conta de Microsoft, a súa configuración sincronizarase por defecto. Para escoller que información se sincroniza:

1. Vaia a **Configuración > Sistema > Sincronizar a miña configuración**.
2. Alterne o conmutador de **Tema, Configuración da aplicación, Internet Explorer** ou **Contrasinais** a **Activado** ou **Desactivado**.

Teña en conta que se escolle facer unha copia de seguranza dos seus contidos, a configuración do teléfono e outra información enviarase aos servidores de Microsoft segundo a súa configuración de copia de seguranza, pero só se sincronizará nos seus outros dispositivos segundo a súa configuración de sincronización. Para obter máis información acerca das opcións para facer copias de seguranza do seu teléfono, consulte a sección **Copia de seguranza**.

Tocar e enviar

O seu teléfono pode incluír funcionalidades de transmisións de datos en proximidade ("NFC") para permitirlle compartir fotos, sitios web, contactos e moito máis con dispositivos compatibles equipados con NFC simplemente "tocando" o seu teléfono co outro dispositivo (ou, en caso contrario, colocándoo moi preto). Sempre se lle pedirá permiso de forma independente antes de que os datos se compartan realmente, polo que decide que información compartir en cada instancia. Esta funcionalidade non transmite datos a Microsoft.

Opcións:

Para activar ou desactivar a funcionalidade de uso compartido de NFC, a cal vén **Activado** por defecto

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Tocar e enviar**.

2. Alterne o conmutador de **Uso compartido de NFC** a **Activado** ou **Desactivado**.

Actualizacións

Microsoft pode lanzar actualizacións para o sistema operativo do seu teléfono con melloras útiles ou importantes. As aplicacións adquiridas desde a Tenda actualízanse a través da Tenda e non desta funcionalidade. Para garantir que sabe cando están dispoñibles todas as actualizacións, o seu teléfono busca se hai actualizacións dispoñibles regularmente. Ao activar esta funcionalidade, as actualizacións descargaranse automaticamente. Aínda poderá recibir notificacións e solicitárselle instalar as actualizacións descargadas, pero no caso das actualizacións importantes, o seu teléfono instalaraas automaticamente. Se escolle desactivar esta funcionalidade, recibirá notificacións cando haxa actualizacións dispoñibles para a súa descarga e pode escoller cando descargalas e instalalas.

Cada vez que o teléfono comprobe se hai actualizacións dispoñibles e cada vez que se instalen actualizacións, envíase a Microsoft información estándar sobre o dispositivo. Esta información úsase para determinar as actualizacións adecuadas para o seu teléfono e cales se lle poden aplicar, así como usar, analizar e manter o servizo de actualizacións. A información estándar sobre o dispositivo tamén se usa para xerar estatísticas agregadas que nos axudan a analizar as operacións correctas e os erros que se experimentan cos servizos de actualizacións.

Se escolle a configuración recomendada ao configurar Windows Phone, activaranse as actualizacións da funcionalidade de Windows Phone. Se escolle personalizar a configuración, pode controlar as actualizacións do sistema operativo seleccionando a opción **Descargar automaticamente e instalar actualizacións de Windows Phone**. Tras configurar Windows Phone, pode desactivar esta funcionalidade en calquera momento.

Opcións:

Para modificar a configuración de descarga automática das actualizacións non importantes do sistema operativo cando se atopen:

1. Vaia a **Configuración > Sistema > Actualización do teléfono**.
2. Marque ou desmarque a opción **Descargar automaticamente actualizacións se o permiten os meus axustes de datos**.

Para comprobar manualmente se hai actualizacións do sistema operativo en calquera momento:

1. Vaia a **Configuración > Sistema > Actualización do teléfono**.
2. Toque **Buscar actualizacións**.

Carteira

Pode configurar unha carteira no seu teléfono para dispoñer de métodos de pagamento (incluídos cartóns de crédito e de débito) para facer compras na Tenda ou noutros sitios. A súa carteira tamén pode dispor doutra información, como cupóns, cartóns de fidelidade, tickets e outro contido dixital. As aplicacións do seu teléfono poden gardar información automaticamente na súa carteira. Tamén pode engadir elementos á súa carteira desde un correo electrónico ou desde unha ligazón web.

Se permite que Carteira use a súa localización, pode enviarlle notificacións cando o teléfono está preto de localizacións asociadas cos elementos da súa carteira. Por exemplo, Carteira pode mostrarlle automaticamente o seu ticket dun concerto cando está próximo ao lugar do concerto. Carteira non comparte a súa localización con terceiros.

Algúns elementos da súa carteira poden actualizarse ao longo do tempo. Carteira descargará actualizacións periodicamente para eses elementos.

Ao engadir un cartón de crédito ou de débito, almacenamos só os seis primeiros e os catro últimos díxitos no seu teléfono. Os seis primeiros díxitos úsanse para axudarlle a atopar aplicacións (como as aplicacións do seu banco) que poden mellorar a súa experiencia de Carteira. Os catro últimos díxitos úsanse para identificar cartóns específicos. O número de cartón completo almacénase nos servidores da plataforma de comercio de Microsoft, que usa un conxunto de procedementos e tecnoloxías de seguraza para axudar a protexer a súa información. Se ten asociado un cartón de crédito coa súa conta de Microsoft (por exemplo, na Tenda), tamén estará dispoñible na súa carteira. Tamén pode engadir detalles de facturación e outra información acerca dun cartón no seu teléfono para ter unha referencia fácil. Esta información cifrarase e almacenarase no seu teléfono.

En función do seu operador, é posible que poida usar a información de Carteira para realizar transaccións NFC de fast card nalgúns comercios (por exemplo, para usar cartóns de crédito ou de débito para pagamentos sen contacto ou para usar o seu cartón de fidelidade nunha tenda de alimentación). Cando existe esta funcionalidade, as credenciais de fast card almacénanse nun elemento seguro no seu cartón SD.

Opcións:

Pode aplicar un PIN de Carteira que se debe introducir antes de iniciar a carteira. Para configurar un PIN de Carteira:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Carteira**.
2. Alterne o conmutador de **PIN de Carteira** a **Activado**.
3. Siga as indicacións para introducir o PIN.

Tamén pode que sexa necesario introducir o seu PIN de Carteira para facer compras de música, aplicacións ou determinadas compras desde a aplicación no caso de que teña configurado un PIN de Carteira:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Carteira**.
2. Marque a opción **Usar o PIN da Carteira para protexer a música, as aplicacións e as compras desde a aplicación**.

Esta funcionalidade tamén se pode activar a través da configuración da Tenda. Consulte a sección [Tenda](#) anterior.

Se o seu operador lle fornece funcionalidades de NFC, o seu teléfono terá unha configuración adicional que lle permite controlar cando se usa un cartón para facer unha transacción NFC:

1. Vaia a **Configuración > Aplicacións > Carteira**.
2. En **Fast cards funcionarán** seleccione **mentres Carteira está aberto, mentres o teléfono está bloqueado** ou **mentres a pantalla está activada**.

Sensor de Wi-Fi

Sensor de Wi-Fi conéctao ás redes Wi-Fi que están ao seu redor para axudarlle a aforrar datos móbiles e ofrecerlle máis opcións de conectividade. Permítelle:

- Conectarse automaticamente a redes Wi-Fi colaborativas abertas
- Aceptar automaticamente as condicións de uso e fornecer información adicional para as redes Wi-Fi que a precisen
- Intercambiar cos seus contactos acceso a redes Wi-Fi protexidas mediante contrasinal Poden obter acceso a internet coas redes que escollo compartir. Do mesmo xeito, pode obter acceso a internet coas redes que comparten os seus contactos

Teña en conta que Sensor de Wi-Fi usa a súa localización para identificar redes coñecidas preto de vostede. Ao usar Sensor de Wi-Fi, entende e acepta que usará a súa localización. Se **servizos de localización** está desactivado na configuración de localización, non poderá usar Sensor Wi-Fi. Para obter máis información, consulte a sección [Recompilación e uso da información de posicionamento de localización](#).

Tamén debe ter en conta que non todas as redes Wi-Fi son seguras.

Se escolle a opción **Conectar automaticamente a redes Wi-Fi e aceptar as condicións** ao configurar o seu teléfono, este conéctase automaticamente a redes Wi-Fi abertas que outros usuarios de Windows Phone fixeron colaborativas. Se unha rede Wi-Fi require que acepte as condicións de uso ou forneza información adicional para poder conectarse, Sensor de Wi-Fi tamén pode facer estas accións por vostede para establecer unha conexión rapidamente. Sensor de Wi-Fi non lle dará automaticamente información de contacto persoal (nome, número de teléfono ou enderezo de correo electrónico) a redes Wi-Fi até que o configure para facelo. Tras escoller a opción para que Sensor de Wi-Fi forneza a súa información de contacto persoal ás redes, Sensor de Wi-Fi enviará automaticamente dita información de contacto persoal a calquera rede que a solicite sen preguntarlle a vostede. O uso que fai un operador de rede da súa información de contacto persoal está suxeito ás súas prácticas de privacidade, que poden permitir que o operador de rede use ou comparta a súa información de contacto persoal de forma máis ampla. Se non quere que Sensor de Wi-Fi acepte automaticamente as condicións de uso nin envíe a súa información de contacto persoal, pode desactivar calquera destas funcionalidades na configuración de Sensor de Wi-Fi.

Para fornecer esta funcionalidade e axudar ao servizo de Sensor de Wi-Fi a identificar redes para vostede e outros usuarios no futuro, Microsoft recompilará datos acerca dos requisitos de conexión e da velocidade das redes Wi-Fi ás que se conecta pola súa conta. Por exemplo, recompila información acerca de se a rede precisa que o usuario acepte as condicións de uso ou introduza outra información para poder conectarse. Nalgúns casos, esta información de conexión pode conter información persoal que introduciu, como o seu enderezo de correo electrónico. Sensor de Wi-Fi tentará eliminar ou ocultar información persoal antes de enviala a Microsoft. A información persoal recompilada de forma accidental non se usa con ningún fin e eliminarase.

As redes Wi-Fi abertas non son seguras. Por exemplo, calquera persoa pode conectarse e, posiblemente, ver o que está a facer. Teña coidado ao realizar accións en liña que requiran información persoal ou confidencial, ou ben agarde até que poida conectarse a unha rede segura na que confíe antes de facer este tipo de accións. Pode desconectarse de calquera rede Wi-Fi en calquera momento en **Configuración > Wi-Fi**.

Se escolle a opción **Permitirme intercambiar o acceso a redes Wi-Fi cos meus contactos** ao configurar o seu teléfono, Sensor de Wi-Fi axudarlle a vostede e aos seus contactos a intercambiar o acceso ás redes Wi-Fi protexidas mediante contrasinal que escolla compartir. Pode compartir redes con grupos específicos de contactos, como os seus amigos de Facebook, os contactos de Outlook.com e os contactos de Skype. Ao conectarse por primeira vez a unha rede Wi-Fi protexida mediante contrasinal, pode escoller compartir a rede cos seus contactos, polo que pode usala para obter acceso a internet se usa Sensor de Wi-Fi. Sensor de Wi-Fi enviaralle o contrasinal da rede Wi-Fi que introduciu e que escolleu compartir con Microsoft a través dunha conexión cifrada. Microsoft cifra e almacena o contrasinal e, a seguir, fornéceno aos teléfonos dos seus contactos se están a

usar Sensor de Wi-Fi e se unha rede que se compartiu con eles está dentro do alcance. Os seus contactos non poderán ver os contrasinais das redes que comparta e vostede tampouco poderá ver os contrasinais das redes que eles compartan. Ademais do contrasinal da rede, tamén se comparte o nome da rede e outra información necesaria para conectarse. Pode escoller deixar de compartir acceso a unha rede cos seus contactos en calquera momento, pero teña en conta que a rede pode retrasarse en eliminarse dos teléfonos dos seus contactos. Para evitar inmediatamente que outros usuarios accedan a unha rede, o propietario desta pode modificar o contrasinal da rede.

Pode modificar a configuración de Sensor de Wi-Fi en calquera momento. Para facelo, vaia a **Configuración** e, a seguir, toque **Wi-Fi > Sensor de Wi-Fi**.

Opcións:

Ao configurar o seu teléfono, pode escoller se quere usar Sensor de Wi-Fi. Trala configuración do teléfono, pode modificar a configuración de Sensor de Wi-Fi en calquera momento.

Pode escoller se o seu teléfono se conectará automaticamente a redes Wi-Fi públicas abertas e se aceptará automaticamente as condicións de uso. Para escoller se conectarse automaticamente a redes Wi-Fi públicas abertas:

1. Vaia a **Configuración > Wi-Fi > Sensor de Wi-Fi**.
2. Alterne o conmutador de **Conectarse a puntos de conexión Wi-Fi** a **Activado** ou **Desactivado**.

Para escoller se Sensor de Wi-Fi acepta automaticamente as condicións de uso:

1. Vaia a **Configuración > Wi-Fi > Sensor de Wi-Fi**.
2. Marque ou desmarque a opción **Aceptar condicións de uso no meu nome cando sexa necesario**.

Sensor de Wi-Fi pode fornecer automaticamente información adicional, como un número de teléfono ou enderezo de correo electrónico, a redes Wi-Fi que a precisen. Por defecto, Sensor de Wi-Fi non fornece a súa información persoal ás redes. Para escoller se Sensor de Wi-Fi fornece automaticamente información enchida previamente ou modificar a información que fornece:

1. Vaia a **Configuración > Wi-Fi > Sensor de Wi-Fi**.
2. Marque ou desmarque a opción **Proporcionar o nome, correo electrónico ou número de teléfono cando sexa necesario** ou toque o botón **Editar información** para ver ou modificar a información que fornece Sensor de Wi-Fi.

Tamén pode escoller se quere compartir cos seus contactos acceso a redes Wi-Fi

protexidas mediante contrasinal, así como con que grupos de contacto compartir o acceso. Para compartir o acceso automaticamente cos seus contactos:

1. Vaia a **Configuración > Wi-Fi > Sensor de Wi-Fi**.
2. Alterne o conmutador de **Compartir as redes Wi-Fi que eu seleccione** a **Activado** ou **Desactivado**.

Para escoller con que grupos de contactos compartir o acceso:

1. Vaia a **Configuración > Wi-Fi > Sensor de Wi-Fi**.
2. En **Compartir as redes Wi-Fi que eu seleccione**, marque ou desmarque a opción **Contactos de Outlook.com, Contactos de Skype** ou **Amigos de Facebook**.

Para comezar a compartir unha rede Wi-Fi específica con amigos, ou ben para deixar de facelo:

1. Vaia a **Configuración > Wi-Fi e toque o botón Xestionar**.
2. Manteña premida unha rede da lista e escolla **Compartir** ou **Non compartir**.

Traballo

Algunhas empresas ofrecen aplicacións e outros xeitos para que poida conectarse mellor á súa empresa. Por motivos de seguranza, ao engadir unha conta do traballo, o seu traballo pode aplicar ao seu teléfono políticas que lles permitan requirir que use un contrasinal de pantalla de bloqueo, que cifre o almacenamento interno do teléfono ou que desactive ou seu cartón SD. O seu traballo tamén pode aplicar políticas que impiden que restableza o teléfono ou que elimine a súa conta do traballo. É posible que tamén recompilen información persoal do seu teléfono ou que borren de xeito remoto todo o contido do teléfono (incluído o que non está relacionado co traballo) se rexistra o teléfono co seu traballo. Ao eliminar a súa conta do traballo, bórranse os documentos de Office (incluídos os esbozos sen gardar) do seu teléfono, pero aínda poderá acceder aos documentos de Office que gardou no seu OneDrive. Debe ter moi en conta se quere asociar o seu teléfono a unha conta do traballo e ser consciente das políticas do traballo a este respecto.

Opcións:

Para engadir unha conta do traballo:

1. Vaia a **Configuración > Sistema > Traballo**.
2. Toque o botón **Engadir conta**.

Para eliminar unha conta do traballo:

1. Vaia a **Configuración > Sistema > Traballo**.
2. Toque o nome da conta rexistrada.
3. Toque a icona da papeleira.

Xbox Live e Xbox Music

Para crear unha nova conta de Xbox Live ou Xbox Music, é posible que teña que fornecer a súa idade e o país ou rexión. No caso das contas novas, xeraremos automaticamente un alcume (ao que nos referimos como gamertag) que se usa para identificar o usuario nos servizos de Xbox Live e Xbox Music. Pode modificar o alcume xerado automaticamente tocando no seu gamertag na plataforma común de xogos. Se publica opinións na Tenda, estas almacenaranse debaixo do nome na súa conta de Microsoft.

Xogos

Se permite que un xogo de Microsoft acceda á súa localización, enviarase a Microsoft a súa localización aproximada para conceder logros, fornecer premios dentro do xogo ou personalizar o xogo. Os xogos de Microsoft só recompilarán e almacenarán a localización aproximada do seu teléfono sempre que sexa necesario para estes fins. Por exemplo, os xogos poden usar a súa localización para conceder un logro en función da distancia percorrida entre as sesións de xogo. Algúns xogos de terceiros tamén poden conectarse a Xbox Live, o cal lles permite enviar a actividade dos xogos e os datos dos logros a Xbox. A recompilación e o uso da información que fagan os xogos de terceiros están suxeitos ás prácticas de privacidade do terceiro.

Música

Ao usar Xbox Music, recompilaremos información acerca das cancións que reproduce para personalizar as súas experiencias e mellorar os produtos e servizos de Microsoft. Esta información úsase para axudar a fornecerlle contido e funcionalidades máis adaptados á música que lle gusta, así como para permitir que comparta as súas reproducións musicais recentes con outros usuarios. Tamén se usa un formulario agregado para crear unha sección de máis populares.

Para enriquecer a súa experiencia ao reproducir ou explorar música, Xbox Music pode mostrarlle información relacionada coa música que reproduce e co contido da súa biblioteca de Xbox Music, como o título do álbum, a portada, o título do vídeo ou da canción, as imaxes e a biografía do

artista, así como outra información, sempre que estea dispoñible. Para descargar esta información, Xbox Music envía a Microsoft unha solicitude de información que contén información estándar sobre o dispositivo e un identificador do contido.

Para obter máis información acerca das prácticas de recompilación de Xbox Live e Xbox Music, revise as [Declaración de privacidade de Xbox](#).

Opcións:

Para modificar a configuración de privacidade de Xbox, a cal controla aspectos como o xeito no que as persoas poden poñerse en contacto con vostede, o modo no que se comparte a información de perfil que engade e como se comparten as actividades en Xbox, vaia a Xbox.com e inicie sesión na súa conta.

Para desactivar o acceso dun xogo de Microsoft á localización do seu teléfono, vaia ao menú de opcións ou axuda do xogo e desactive o acceso á localización. Se o prefire, pode desactivar o conmutador de localización principal no seu teléfono.